

EXPERIENCIAS NO RURAL. Granxas de Lousada e Gandería Louzao, a fondo ▶ 12 a 15

MULLERES. Xuntanza con Igualdade para falar dunha ameaza á titularidade compartida ▶ 29



IX CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO.
Comeza o proceso congresual coa elección de Belén Fervenza como responsábel de Horta, Froita e Flor ▶ 7



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLI - Nº 308 - Maio/Xuño 2015

O SECTOR LÁCTEO PERDE A PACIENCIA E INICIA UNHA CAMPAÑA DE MOBILIZACIÓNS



Antes de chegar ao acordo de todo o sector para realizar unha grande manifestación o 17 de xullo, o Sindicato Labrego Galego organizou unha concentración de protesta fronte a Logística Alimentaria (Outeiro de Rei) o 22 de maio, e as familias afectadas polo abandono da recollida de Leite Río manifestáronse en Teixeira o 28 de xuño



RECORTES.

A Xunta avanza en dismantelar a Consellaría de Medio Rural ao suprimir 130 postos de traballo e coa paralización de boa parte dos órganos de asesoramento e participación. ▶ 10 e 11

AXUDAS PAC.

As comunidades de montes da Terra Chá recuperan ao redor de 650 hectáreas de praderías mixtas para computar como pasteiros nas axudas da Política Agraria Común. ▶ 16

VENDA DIRECTA.

A cidade de Pontevedra ten o seu propio mercado para vender alimentos labregos dende o 6 de xuño. ▶ 17



Nos últimos meses, os abusos da industria cara ás granxas de leite galegas non fixeron máis que empeorar favorecidos pola pasividade cómplice da Consellaría de Medio Rural e do Ministerio de Agricultura. Diante do que xa estaba a ser unha situación insostible do sector lácteo, con prezos por baixo dos 20 céntimos, o SLG convocou mobilizacións en solitario o pasado 22 de maio na sede de Logística Alimentaria, un dos primeiros compradores do sector que se distingue polo trato leonino que lle dá ás granxas que lle venden leite. Tras esta manifestación, a Consellaría de Medio Rural comezou a facer tímidos movementos na busca de solucións. Despois, o cese da recollida a dúcias de explotacións por parte de Río e Leitigal desembocou na convocatoria unitaria dunha manifestación o 17 de xullo. Polo medio, o SLG denunciou toda esta problemática en foros como o Observatorio do Mercado Europeo do Leite, en Bruxelas, ou en institucións como o Valedor do Pobo. ▶ 2 a 6

EDITORIAL

A fin do sistema de cotas e a fin do sector lácteo galego

Levabamos anos escoitando que coa fin do sistema de cotas o sector lácteo galego podería despegar e comerse o mundo, xa que as nosas granxas poderían producir o que quixeran e medrar indefinidamente. Pero bastaron un par de meses para comprobar que tódalas promesas feitas dende as industrias e os poderes políticos, e mantidas por unha parte considerable do sector produtor, eran falsas. Os mesmos que hai uns meses botaban foguetes pola fin do sistema de cotas, agora advirten que cómpre manter o mesmo nivel produtivo que antes ou mesmo baixar. Cada vez con máis frecuencia, as industrias abandonan rotas de recollida, como fixeron Río ou Leitigal; cando non marchan directamente do país, como anunciou Pascual. Os prezos medios miserables ao redor dos 28 céntimos que se están a cobrar na Galiza son unha utopía para máis de mil granxas que están a vender a 18 céntimos e menos. Ao final resulta que, tal e como leva anos advertindo o Sindicato Labrego Galego, a fin do sistema de cotas sen unha alternativa para controlar a produción, e cun mercado sen regular, podía resultar nefasto para o sector, tal e como estamos a sufrir.

Tamén levabamos anos escoitando que só as granxas máis dimensionadas e industrializadas, aquelas que “fixeron os deberes”, ían sobrevivir. Iso era o que mantiñan e seguen a manter os gobernos e o medios de comunicación que subvencionan. A súa tese é que sobrevivirán as granxas que máis invistan e que máis capacidade produtiva teñan por seren as máis competitivas. A letra pequena desta tese era que esa supervivencia estaría baseada no peche das explotacións menos dimensionadas, cuxa produción sería absorbida polas máis grandes; un dano colateral que para esta xentiña

cumpría encaixar. E, en efecto, cara aí foron as políticas agrarias da Xunta e do Ministerio mentres houbo cotas. Pero sen cotas, a cousa é diferente. Sen sistemas de control da produción e dos mercados, mesmo as explotacións máis fortes deberían tremar porque a tendencia é que a produción de leite na Galiza, simplemente, acabe desaparecendo.

Xa non se trata de se as granxas fixeron ou non os deberes, ou se están máis ou menos dimensionadas. Se de algo estamos seguros e seguras no Sindicato Labrego Galego, é que as nosas explotacións, con independencia do seu tamaño, levan moitos anos facendo os deberes: dende a entrada no mercado común a mediados dos anos oitenta, o sector lácteo galego ergueuse en pé de guerra e conquistou unha capacidade produtiva que o levou a ter un peso do 40% a nivel de Estado. E esa capacidade produtiva acadouse a golpe de tractorada e de hipoteca, a golpe de loita e de sacrificio persoal das familias, que tiveron que conquistar coa protesta e co traballo o que nos negaron as traizóns e a incompetencia da clase política que nos gobernaba e nos goberna.

A quen ninguén lle dixo que debía facer os deberes foi á industria, e así nos vai. Se o sector produtor conquistou a capacidade para producir o 40% do leite que se produce no Estado cos estándares de calidade esixidos en toda Europa, a nosa industria leva décadas adurmiñada, argallando mil e unha andrómenas para rabuñarlle uns céntimos aos prezos en orixe para maximizar os seus beneficios. O resultado é que, hoxe en día, co mercado desregulado, na Galiza temos marcas lácteas de segunda división para abaixo, centradas na produción de leite en brick e cuxo peso económico só representa o 10% do sector industrial no conxunto do Estado.

“Dende a entrada no mercado común a mediados dos anos oitenta, o sector lácteo galego ergueuse en pé de guerra e conquistou unha capacidade produtiva que o levou a ter un peso do 40% a nivel de Estado. E esa capacidade produtiva acadouse a golpe de tractorada e de hipoteca, a golpe de loita e de sacrificio persoal das familias, que tiveron que conquistar coa protesta e co traballo o que nos negaron as traizóns e a incompetencia da clase política que nos gobernaba e nos goberna”

A nova e definitiva ameaza: a deslocalización

Co sistema de cotas, Galiza producía o 40% do leite do Estado si ou si. As grandes marcas de lácteos tiñan a obriga de contar coas explotacións galegas se querían fornecerse de leite. Sen as cotas, en efecto e tal como nos prometían, as granxas poden producir o que lles pete. Iso significa que unha marca como Pascual, por poñer un exemplo real, xa non ten necesidade de vir recoller o seu leite a Galiza. Como ben sabemos, Pascual é a terceira marca de lácteos no Estado, ten as súas oficinas en Madrid e o groso da súa loxística na factoría de Aranda del Duero (Burgos). Entre Aranda e Outeiro de Rei (Lugo) hai 450 quilómetros de distancia. Unha razón de peso para que Pascual abandonase a súa fábrica na Galiza hai anos e para que, agora, trala fin do sistema de cotas, anunciase que deixará de recoller leite no país a partir de setembro. Non parecen decisións tomadas ao chou, senón que

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN

Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:

Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN

Isabel Vilalba, Margarida Prieto, Lara Barros, María Ferreiro, Ana Rodríguez, Belén Fervenza, Jeromo Aguado, Sonia Carbia, Conchi Mogo, Ánxeles Rodríguez, Antonio Ferreiro e Gonzalo Brocos.

PECHE DE EDICIÓN 03-07-2015**ENDEREZO**

Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147

COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532

MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511

VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431

MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526

PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508

O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

responden a unha estratexia calculada. Agora que podemos producir libremente, Pascual só ten que incentivar o aumento de produción mercando máis leite e pagando mellores prezos ás explotacións que ten preto das factorías que aínda mantén abertas. Sempre lle dará máis beneficio mercar leite producido na provincia de Burgos e arredores, aínda que sexa a un maior prezo, que se fai rotas de 900 quilómetros para traer leite galego a Aranda del Duero.

O exemplo de Pascual sérvenos para albis-car a ameaza definitiva para o sector lácteo galego: a deslocalización. E non é algo que nos inventemos no Sindicato Labrego Galego, senón que forma parte das previsións da propia Comisión Europea, tal e como puido comprobar a nosa secretaria xeral, Isabel Vilalba, en foros como o Observatorio do Mercado Europeo do Leite ou o Grupo de Diálogo Civil do Sector Lácteo, onde se achegaron datos que apuntaban cara a unha concentración da capacidade produtiva en determinadas zonas da Unión Europea, a costa da desaparición das granxas noutras; e semella que Galiza vai camiño de estar entre as segundas.

En efecto, se agora as granxas poden producir libremente, o normal é que as grandes marcas de lácteos incentiven a produción o máis preto posible das súas factorías para minimizar uns custes de transporte cada vez máis elevados polo aumento de prezo dos carburantes. E a pouco que apliquemos a lóxica empresarial, as grandes marcas de lácteos manterán abertas factorías que estean preto dos grandes centros de consumo. E iso, no Estado Español, chámase Madrid e franxa mediterránea; Galiza, para ben ou para mal, segue a ser periferia. Seguindo co caso de Pascual, ao contrario do que aconteceu en Outeiro de Rei, a factoría de Gurb (Barce-

lona), a 580 quilómetros de Aranda del Duero, continúa aberta, dando emprego a 230 persoas, mantendo 300 postos de traballo indirectos, mercándolle o leite a 120 granxas catalás (a factoría de Gurb só procesa leite catalán) e comercializando 150 millóns de litros anuais a través dunha rede con máis 12.000 clientes. Está lóxica empresarial é a que explica que, hoxe en día, as marcas de leite estean a pagar mellores prezos fóra de Galiza e a incentivar o aumento de produción noutras comunidades; ao tempo que aquí nos piden que manteñamos ou mesmo diminuíamos a produción, con prezos ao redor dos 28 céntimos no mellor dos casos. E este panorama só a dous meses de ter deixado o sistema de cotas. Alguén pensa que, nas circunstancias actuais, a estratexia seguida por Pascual non vai ser adoptada por calquera outra marca que teña as súas principais instalacións fóra de Galiza?

E a clase política teimando na súa inopia cómplice

Mentres, dende a Consellaría de Medio Rural e dende o Ministerio de Agricultura non só están desaparecidos á hora de buscar solucións para reverter esta tendencia, senón que, por riba, tiveron a pouca vergonza de botarlle a culpa ás granxas galegas por ter os peores prezos do Estado, afirmando que iso é consecuencia de non asociarse en OPLs (organizacións de produtores lácteos) para ter máis poder e negociar mellores prezos. Como se o actual marco lexislativo permitise negociar algo coas industrias. Cremos que en poucos países e rexións europeas pode haber unha clase política que estea a demostrar tal grao de ineptitude e parálise diante do afundimento dun sector estratéxico para a súa

economía; nin tal grao de servilismo cara aos axentes que o están a afundir. Se é ilegal e atenta contra as leis do mercado vender por baixo dos custes de produción, ¿a que agardan para fixar un prezo mínimo obxectivo e oficial por baixo do cal non se poda comerciar con leite nin con calquera outro produto agrogandeiro? De que serven os contratos sen ese prezo mínimo? De que serve todo o paquete lácteo sen ese prezo mínimo? Como se lle pode chamar libre competencia e libre mercado á extorsión xeneralizada que obriga ás granxas a vender a perdas o produto do seu traballo? A quen pretenden enganar? E, dende logo, se a Consellaría de Medio Rural non é quen de defender un prezo mínimo diante do Ministerio de Agricultura, e se este non é quen de incluír esta demanda básica na Lei da Cadea Alimentaria, resulta obvio que a súa función é defender as industrias e facilitarlles todo o posible que sigan extorsionando as nosas granxas. Esas mesmas granxas que levan décadas “facendo os deberes” a costa dun enorme sacrificio e esas mesmas industrias que, na Galiza, levan décadas vivindo da sopa boba que lles deron e dan os diversos gobernos.

Tamén no SLG levamos décadas dicindo que as únicas solucións para ter un sector lácteo con futuro e mantendo miles de postos de traballo no rural pasan por políticas de control da produción e do mercado. Tivemos razón cando lideramos a loita por unha capacidade produtiva acorde ao potencial leiteiro da Galiza; tivemos razón cando advertimos do perigo de rematar co sistema de cotas sen deseñar controis alternativos da produción; o tempo deunos a razón e desexariamos non tela agora que advertimos do perigo de desaparición do sector na Galiza por estarse a deslocalizar a produción. Pero a realidade indica o contrario. Vendo a inopia na que vive a Consellaría, o sector lácteo galego vai ter que volver conquistar na rúa o que lle están a negar nos despachos. E esa conquista comeza este 17 de xullo, coa manifestación nacional e unitaria que se levará a cabo en Compostela en defensa do sector lácteo galego.



Lácteos Lence tennos afeitos e afeitas a todo tipo de andrómenas para baixarlle o prezo do leite ás granxas que fornecen as súas marcas, como Río ou Leyma. A ilustración realizouse en base a unha imaxe tomada o 9 de setembro de 2010, cando afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego bloquearon a entrada da factoría de Lence no polígono industrial do Ceao (Lugo).

LEITE ▶ Un cento de gandeiros e gandeiras concentráronse diante da factoría de Outeiro de Rei para denunciar as prácticas comerciais criminosas deste primeiro comprador

Medio Rural esperta do seu sono trala protesta do SLG en Logística Alimentaria

Varias cooperativas denunciaron ventas de leite a esta empresa a 17 céntimos e liquidacións mesmo negativas

Se hai algo que está a caracterizar a actual crise de prezos no sector lácteo, iso é a feble xestión política que se está a levar a cabo para tentar achar solucións, tanto dende a Consellaría de Medio Rural como dende o Ministerio de Agricultura.

Por exemplo, unha das xuntanzas das que máis se agardaba foi a da Interprofesional Láctea (Inlac) do 19 de maio, á que asistiu a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba. Desta reunión, transcenderon unha serie de medidas a pór en marcha que, a pouco que analicemos, non servirán para solucionar o problema inmediato duns prezos tan baixos que son insostibles para manter calquera explotación: campaña divulgativa do paquete lácteo, axudas para organizacións de produtores e produtoras (OPLs), bonificacións en seguros agrarios, fomento do consumo de lácteos, plan estratéxico para a industria, etc. Tal e como resumiu a nosa secretaria xeral: “ningunha solución e moito enredar”.

As únicas medidas anunciadas que poderían influír nos prezos son a publicación de datos sobre custes e marxes de produción para que poidan ser utilizados na elaboración de índices de referencia nos contratos, e a persecución de prezos demasiado baixos a través da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA). O problema é que non existe ningunha lei que obrigue á industria a aceptar eses índices de referencia, polo que poderán seguir facendo e desfendendo ao seu antollo no sector.



O SLG escolleu a sede de Logística Alimentaria para realizar a concentración do 22 de maio por todo o que simboliza esta factoría para o sector lácteo galego e por ser a empresa unha das que peores prezos e condicións de contrato impón ás granxas

Outra empresa participada polo Clan dos Sangiao no epicentro das denuncias

En canto á Consellaría de Medio Rural, viviu un estado de parálise permanente diante da crise. Ese foi un dos motivos polos que o Sindicato Labrego Galego convocou unha concentración de protesta diante da factoría de Logística Alimentaria, en Outeiro de Rei (Lugo), o 22 de maio. Máis alá de que os prezos medios ao redor dos 28 céntimos non dan nin para cubrir gastos nas explotacións, dende o SLG quixemos denunciar con esta acción que había miles de granxas que lle vendían o leite a primeiros compradores que estaban a sufrir peores condicións aínda. Escolleuse Logística Alimentaria para escenificar esta denuncia porque o trato que lle estaba a dar ás granxas era e segue a ser criminal, se nos atemos á legalidade da Lei da Cadea Alimentaria. Esta empresa, na que participa o Clan dos Sangiao, implicado na fraude do gasóleo e nos impagos de Lácteos Tambre, paga ás granxas con prezos ao redor dos 20 céntimos por litro. Ademais, no SLG tivemos constancia de gandeiros que,

á hora de liquidar o leite do último mes para poder cambiar de empresa, tiveron que acabar pagándolle a estes empresarios sen escrúpulos en virtude das cláusulas leoninas do contrato que lles unía a eles. Tamén soubemos que lle pagaron o leite a 17 céntimos a cooperativas como Val de Lemos (Monforte), Cova de Vales (Curtis) ou O Pereiro (Meira), feito que tamén ten denunciado a Asociación Galega de Cooperativas (Agaca).

Ademais, a factoría dende a que opera Logística Alimentaria ten un grande valor simbólico para o sector lácteo galego despois de ser rexentada por directivos ligados ao PP na desastrosa experiencia de Alimentos Lácteos, bendicida pola Consellaría de Medio Rural. Lembrar que nesta cacicada se fundiron case unha decena de millóns de euros do erario público e se levou á creba varias cooperativas gandeiras como Gancobre, Tierra Llana ou La Arzuana, deixando sen pagar as entregas de case medio ano a centos de explotacións. **SEGUE ▶**



Baixo slogans como “Este contrato é un atraco” ou “Mans arriba, isto é un contrato”, baleiráronse bidóns de leite para expresar a onde nos levan os actuais prezos de miseria

Chamamento á unidade do sector lácteo para defender o medio de vida de miles de familias

Nunha rolda de prensa previa á concentración, o 20 de maio, Isabel Vilalba explicou que o SLG se botaba á rúa “en resposta á parálise do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural que, diante desta crise, non son quen de artellar ningunha medida, nin achegar solucións a unha situación límite que se concretará, precisamente, a partir de hoxe, cando as granxas reciban a liquidación polo leite vendido en abril e vexan que os ingresos non lles chegan nin para pagar as facturas”. Isabel Vilalba xustificou o acto de protesta diante do cento de gandeiros e gandeiras que participaron explicando que “cedo ou tarde, as mobilizacións acabarán aglutinando todo o sector porque a situación é insostible. Calquera granxa, tras levar meses sen dar pagado as facturas, e vendo a parálise dos nosos gobernantes, acabará botando man de todas as ferramentas posibles para facerse oír e para esixir solucións, incluídas as protestas na rúa”.

Respecto da pasividade do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural nunha das peores crises do sector lácteo dos últimos anos, a secretaria xeral do SLG criticou que a Xunta teña bloqueado calquera xuntanza dos axentes do sector en foros de diálogo como a Mesa do Leite ou o Observatorio do Sector Lácteo Galego, que levan anos sen ser convocados “de maneira que imposibilita o acordo de solución ningunha”. E as solucións deben ser “urxentes”, reclamou Isabel

Vilalba. “Promover torres de leite en po, como ten anunciado Feijóo na campaña electoral, é un absurdo cando o Estado Español é o segundo país comunitario en excedentes deste subproduto lácteo polo que se están a pagar prezos miserables ao redor dos 20 céntimos por quilo, e cando é unha medida que non ofrece ningunha solución inmediata. Quereamos solucións para os miles de familias gandeiras que, nos vindeiros meses, corren o risco de arruinarse e perder o seu medio de vida. E con iso non podemos xogar. As políticas do sector non se poden limitar a unha serie de slogans e titulares durante as campañas electorais. As políticas leiteiras deben estar ligadas ás persoas, ao seu medio de vida, e a garantir o futuro do medio rural”.

Diante da excepcionalidade da crise, Isabel Vilalba fixo un chamamento á unidade do sector lácteo -sindicatos, cooperativas, etc.- para esixir solucións e saídas inmediatas a unha situación que xa resulta insostible para a totalidade dos produtores e das produtoras de leite deste país.

✓ Medio Rural accede a crear un grupo de traballo para tratar o problema

Tras moito insistir por parte das organizacións agrarias, e trala concentración de protesta que o Sindicato Labrego Galego fixo diante de Logística Alimentaria, a Consellaría de Medio Rural accedeu a manter unha xun-

tanza de traballo o 4 de xuño cos sindicatos, pero sen a presenza da industria nin das cooperativas. Asistiron a conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, e a directora xeral de Producción Agropecuaria, Patricia Ulloa. Por parte do SLG, estiveron o coordinador dos Sectores Gandeiros, Xabier Gómez Santiso, e Mariano Pazos Currais.

O principal acordo da xuntanza foi constituír un grupo de traballo para abordar dúas cuestións que precisan solucións urxentes. A primeira, utilizar tódolos mecanismos legais existentes para rematar coas prácticas de pura extorsión que leva a cabo un grupo de primeiros compradores, entre os que se atopa Logística Alimentaria, que están a piques de arruinar un milleiro de explotacións. Polo de agora, celebrouse unha xuntanza de traballo deste grupo o 22 de xuño, á que asistiron, por parte do SLG, Isabel Vilalba e Xabier Gómez Santiso.

SEGUE ▶



A unidade reclamada polo SLG tradúcese na convocatoria dunha manifestación o 17 de xullo

O 26 de xuño, Río anunciaba sen previo aviso a 22 granxas que lles deixaba de recoller o leite por non cumprir o nivel de graxa esixido. Ao día seguinte, Leitigal comezaba a anunciar a varias explotacións coas que traballaba que tamén deixaba de facerlles recollida a partir do 1 de xullo.

Diante destes graves sucesos, dende o Sindicato Labrego Galego convocamos unha rolda de prensa, o 27 de xuño, para anunciar que as granxas leiteiras da Galiza non podían seguir aturando a arbitrariedade e a chantaxe das industrias. Nesa rolda de prensa, o SLG comprometíase a convocar mobilizacións a partir da semana seguinte con ou sen o apoio das outras organizacións agrarias. A indignación do sector expresábase un día despois, o 28 de xuño, cunha manifestación espontánea en Teixeira, na que trescentas persoas saíron á rúa para expresar o seu apoio ás granxas ás que Río deixou de recollerlles o leite. Días despois producíranse actos semellantes en localidades gandeiras como San Sadurniño ou Lalín.

O acordo das tres organizacións agrarias producíase o 30 de xuño, nunha xuntanza que se saldou con dous compromisos: o primeiro, convocar á totalidade do sector produtor e axentes sociais -partidos políticos, asociacións, empresas, etc.- a unha asemblea para constituír unha Plataforma en Defensa do Sector Lácteo que estea por riba de siglas partidarias. Nesa asemblea, prevista para o 6 de xullo, as organizacións agrarias quedamos en levar a proposta de iniciar as mobilizacións cunha grande manifestación unitaria en Compostela o 17 de xullo.

✓ Letra pequena nos contratos para que sexa imposible recorrelas en caso de incumprimento

Na rolda de prensa do 27 de xuño, Isabel Vilalba denunciou a indefensión do sector porque non existen mecanismos -nin nas leis nin nos contratos- que permitan aos gandeiros e gandeiras afectados polas prácticas abusivas da industria poder reclamar. No meirande dos contratos, o ente mediador que figura nas cláusulas é a cámara de comercio provincial. Se un gandeiro da Terra Chá ao que Río lle deixou de recoller o leite coa escusa peregrina do nivel de materia graxa denunciase, tería que acudir á Cámara de Comercio de Lugo -actualmente en concurso de acredores-, pagar unhas taxas mínimas de 800 euros, aprovisionar fondos por un montante de 3.500 euros e meterse nun litixio que pode durar anos. A outra opción sería denunciar diante da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA), pero deste xeito, no mellor dos casos, a industria sería sancionada, a granxa non recuperaría os cartos perdidos e, ao final, a empresa acabaría repercutindo a multa nas propias explotacións reducíndolles os prezos para cadrar as súas marxes de beneficio.

Por iso, unha das demandas inmediatas do sector, a maiores dos prezos dignos e de termos garantías de recollida do leite, é que a Xunta habilite a figura dun mediador público e gratuito que poida arbitrar litixios en caso de incumprimentos nos contratos de compravenda de leite.

Na rolda de prensa, o SLG tamén foi moi crítico co flagrante abandono de funcións da

Xunta e da Consellaría de Medio Rural nesta crise e nos problemas do día a día do leite galego.


✓ Denuncias do Sindicato Labrego Galego en Bruxelas e no Valedor do Pobo

Neste contexto, dende o Sindicato Labrego Galego denunciaremos a situación insostible do sector lácteo galego en foros como o Observatorio do Mercado Europeo do Leite (*European Milk Market Observatory*), órgano consultivo da Comisión Europea que se reúne en Bruxelas e no que participou Isabel Vilalba o 30 de xuño.

Na Galiza, o SLG levou a indefensión das nosas granxas diante das prácticas abusivas da industria ao Valedor do Pobo. Esta institución admitiu a trámite unha queixa na que se denunciaban as condicións comerciais leoninas que se lles estaban a impoñer ás explotacións e a pasividade da Consellaría de Medio Rural. Ademais, Isabel Vilalba e o avogado Xosé Pérez Rei, mantiveron un encontro de traballo ao redor desta queixa co secretario xeral do Valedor do Pobo, Carlos de Andrés Alonso, e a súa equipa. Foi en Compostela, o pasado 3 de xullo.

Nesta xuntanza, dende o SLG explicáronlle a Alonso a necesidade de articular un sistema de mediación eficaz, público e gratuito que dea garantía xurídica aos contratos e resolva de maneira imparcial os conflitos en caso de incumprimento. Tamén se lle falou de que cumpría ter parámetros e cláusulas obxectivas para dar contido aos contratos que sirvan para todo o sector e garantan a igualdade das partes.

FIN ■



Dúas instantáneas que reflicten o traballo do Sindicato Labrego Galego en resposta ao recrutamento da extorsión da industria láctea: á esquerda, rolda de prensa para denunciar o abandono das rotas de recollida de Río e Leitigal; á dereita, Isabel Vilalba antes de manter unha xuntanza no Valedor do Pobo para denunciar esta situación



Nova Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG

Ordes: Eva Beres, Víctor Suárez e M^a José Martínez.

A Mariña: Vilma Leivas Rivas e Monste Otero Navarro.

A Estrada: Óscar Cutrín, David Castellanos e Monste Fernández.

Compostela: Quique Outes, Carlos Sobreira, Sofía Carballido e Dolores Lea.

Betanzos: Juan Antonio Vázquez Morado, Dolores Porto, Belén Rodríguez e Jose Antonio Pérez Santamaría.

Pontevedra Sur: Belén Fervenza Couñago, María do Carme Miranda Pulido e Edgar Martínez Sierra.

CONGRESO DE HORTA, FROITA E FLOR DO SLG ▶ Belén Fervenza Couñago, labrega de Redondela que até o de agora foi vice-responsábel da Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG, substitúe a Miguel Méndez na coordinación deste órgano de xestión do Sindicato Labrego tralo congreso do 31 de maio na Estrada.

Reforzar o traballo nas comarcas e coa cidadanía sen esquecer a loita

por **Belén Fervenza Couñago**,
nova responsábel da Dirección
de Horta, Froita e Flor do SLG

Gustaríame comezar cun texto de Jonathan Dawson, recollido na *“Teacher’s Guide Design for Sustainability”*, que recentemente coñecín e que creo que reflexa a miña maneira de entender o noso traballo: “Unha nova economía non emerxerá dos poderes económicos e do sistema capitalista, senón de embaixo para arriba, das persoas cara ás súas comunidades, rexións e países; cando estes aprendan a construír e tomen o control da economía, cando determinen realmente cales son as maneiras de medir o seu propio benestar; e aprendan a protexer os recursos naturais que a terra nos ofrece para o noso ben e o de vindeiras xeracións”.

Deste xeito tentamos traballar o 31 de maio na Estrada e, previamente, tamén nas comarcas, tentando recoller as demandas e as achegas dos labregos e das labregas para enri-

quecer os textos do relatorio do congreso. Foi un proceso construtivo e moi interesante que mereceu a pena.

Moitas son as cuestións que nos preocupan, e a meirande parte delas non teñen fácil solución, pero só colectivamente podemos traballar para transformar esta realidade, para enriquecer a nosa loita e visibilizar a importancia de que unha sociedade sen labregos e labregas non ten futuro.

Hai catro anos, xunto con Miguel Méndez, decidimos traballar en equipo para crear traballo sindical e visibilizar a Dirección de Horta, Froita e Flor. Non foi doado, pero lentamente e con axuda, iniciamos as primeiras etapas dun camiño onde nos marcamos obxectivos mínimos e asumibles por ambas partes que nos permitisen sentir que avanzamos. Agora, simplemente collo o relevo da man dun excelente compañeiro, que

para min representa os valores e a esencia deste sindicato, a loita sindical activa, e o compromiso vital por defender un xeito de entender o traballo dos labregos e labregas deste país.

Coa responsabilidade de dar continuidade ao iniciado con Miguel, acollo esta nova etapa, sabendo que non estou soa, senón que formo parte dun grupo de traballo do que simplemente son unha peza máis da engrenaxe.

Este é un sector moi diverso, onde conviven diferentes realidades e diferentes modelos de produción, dende o intensivo até as pequenas fincas de produción agroecolóxica.

Tamén é un sector con dinamismo, xa que nestes últimos anos apréciase a chegada de proxectos e persoas que aportan nova enerxía a este traballo sindical.

Hai tres aspectos que me parecen claves para afrontar o tra-

ballo destes vindeiros catro anos, e que na medida que poidamos tentaremos cumprir:

✓ **A nivel interno:** reforzar o traballo comarcal, creando estruturas de articulación que nos permitan ser máis áxiles, dinámicos e representativos.

✓ **A nivel político-administrativo:** loitar para que as nosas demandas sexan tidas en conta, e xerar cambios a tódolos niveis aos que poidamos chegar.

✓ **A nivel social:** achegando a nosa realidade á cidadanía, visibilizando as labregas e labregos, poñendo o foco na importancia de establecer alianzas sólidas entre as dúas partes.

O noso reto será levalo a cabo.

Agardo que poidamos ser útiles e que a Dirección de Horta, Froita e Flor sexa a canle que incentive a participación sindical.

Asegura o teu futuro

► PLAN DE SEGUROS AGRARIOS ◀

www.enesa.es

2015



INICIO SUBSCRICIÓN	SEGUROS PARA EXPLOTACIÓN AGRÍCOLAS E FORESTAIS: PRODUCCIÓN ASEGURÁBELS
1 DE XANEIRO	CEREIXA
	OP E COOPERATIVAS
15 DE XANEIRO	HORTALIZAS AO AIRE LIBRE DE CICLO PRIMAVERA-VERÁN
	HORTALIZAS AO AIRE LIBRE DE CICLOS SUCESIVOS
	FORESTAIS
1 DE FEBREIRO	PLANTA VIVA, FLOR CORTADA, VIVEIROS E SEMENTES
	TROPICAIS E SUBTROPICAIS
	INDUSTRIAIS TÉXTILES E NON TÉXTILES
	UVA DE MESA
1 DE MARZO	MULTICULTIVOS DE HORTALIZAS
1 DE ABRIL	CITRÍCOLAS
	HORTALIZAS EN CANARIAS
1 DE XUÑO	HORTALIZAS BAIXO CUBERTA
	PLATANEIRAS
	HORTALIZAS AO AIRE LIBRE DE CICLO OUTONO-INVERNO
1 DE XULLO	TOMATE EN CANARIAS
1 DE SETEMBRO	CAQUI E OUTRAS FROITEIRAS
	FROITOS SECOS
	CULTIVOS HERBÁCEOS EXTENSIVOS
1 DE OUTUBRO	OLIVEIRA
	UVA DE VINIFICACIÓN
15 DE NOVEMBRO	FROITEIRAS
	FORRAXEIRO
	AGROENERXÉTICOS

INICIO SUBSCRICIÓN	SEGUROS PARA EXPLOTACIÓN GANDEIRAS E ACUICULTURA: ESPECIES ASEGURÁBELS
15 DE XANEIRO	VACÚN
	OVINO E CAPRINO
1 DE FEBREIRO	EQUINO
	AVICULTURA
	PORCINO
	ACUICULTURA CONTINENTAL
	ACUICULTURA MARÍÑA
1 DE MARZO	TARIFA XERAL GANDEIRA
	MEXILLÓN
1 DE XUÑO	RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE ANIMAIS MORTOS
1 DE XULLO	COMPENSACIÓN POR PERDA DE PASTEIRO
1 DE OUTUBRO	APICULTURA



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

ENTIDAD ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS (ENESA)

www.enesa.es

VIÑO ▶ De non aplicarse o castigo imposto por vender e procesar máis uva da admitida na vendima 2014, non se podería obter a certificación da ENAC

A paralización de 178 expedientes de sanción ameaza a DO Valdeorras

A tensión existente por este conflito provocou a dimisión do presidente do consello regulador tralo pleno de febreiro

Valdeorras atópase nunha difícil encrucillada na que debe decidir se aposta pola calidade ou deixa de ser denominación de orixe. Apostar pola calidade supón aceptar as normas que rexen a DO e, polo tanto, ir cara a adiante coas sancións que se lles impuxo a 178 viticultores e viticultoras e adegas por exceso de produción na vendima de 2014. O contrario, supón incumplir as esixencias para acadar a certificación de calidade da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

Mentres se opta por unha ou outra vía, está en xogo a continuidade da denominación de orixe nun conflito que, polo de agora, xa se cobrou o posto do presidente consello regulador, Xosé Luís García Pando, que dimitiu en febreiro ao non acadar suficiente apoio para seguir cara a adiante cos expedientes sancionadores.

Segundo nos explica a responsábel do SLG en Valdeorras, Ánxeles Rodríguez, todo comezou cun cambio normativo trala vendima de 2013 consistente en que os viticultores e viticultoras da DO tiñan que actualizar a declaración de rendementos das súas viñas -colleita e hectáreas- antes da vendima, nos meses de maio e xuño. Até ese ano, a actualización fíxose sempre despois da vendima. Parece ser que moitos e moitas non fixeron esa estimación anticipada, de maneira que os seus rendementos rexéronse pola colleita de 2013, inferiores á do



Antonio García, segundo pola dereita, é o vocal do SLG en Valdeorras

ano pasado. Desta maneira, houbo bastantes viticultores e viticultoras que se pasaron da cantidade asignada, do mesmo xeito que varias adegas foron cómplices da sobreprodución ao mercarlles esa uva en exceso.

A resposta do consello regulador foi abrir 178 expedientes que impoñen unha

sanción consistente en deixar fóra da denominación de orixe durante 2 meses ás persoas e adegas sancionadas. No caso das primeiras, a sanción non resulta problemática; sen embargo, as adegas deben deixar de comercializar coa contraetiqueta de Valdeorras durante o período de castigo.

O SLG aposta pola calidade e por sancionar as infraccións

Estas sancións sometéronse a votación do consello regulador o 10 de febreiro. Nese pleno, Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e as cooperativas d'O Barco, A Rúa e Larouco, votaron en contra das sancións. A favor votaron o presidente, Xosé Luís García Pando, e os vocais das adegas Santa Marta e O Casal; mentres que o representante da adega Valdesil ausentouse. O noso vocal no consello regulador, Antonio García, vendo que o voto do SLG non era decisivo, abstívose.

En calquera caso, o Sindicato Labrego Galego está a favor de que se sancione a quen infrinxa a normativa da denominación de orixe, xa que o contrario supón discriminar e marxinar aos viticultores e viticultoras que se esforzan en cumprir coas normas para manter a calidade e o prestixio da denominación de orixe. A única excepción a este posicionamento por parte do SLG foi un recurso de alzada interposto polos nosos servizos xurídicos contra o expediente aberto a un viticultor ao que lle actualizaron a tarxeta de xeito erróneo, dándolle menos quilos dos que lle correspondían en realidade.

En calquera caso, agora mesmo os expedientes sancionadores están paralizados e non se lles notificou aínda a sanción ás adegas e aos viticultores e viticultoras infractoras. Do mesmo xeito, tamén se paralizou o proceso para acadar a certificación da ENAC, obrigatoria se en Valdeorras queren seguir sendo denominación de orixe.

VENDIMA ▶ Denunciamos o incumprimento de compromisos no Consello Agrario Galego

O SLG acada de Medio Rural a convocatoria de foros de diálogo no viño e o estudo dos custes

Que a Consellaría de Medio Rural carece de políticas para o sector vitícola é unha realidade cada vez máis sangrante. De primeiras, o desprezo absoluto polos intereses dos viticultores e das viticultoras en Monterrei, Ribeira Sacra, O Ribeiro e Valdeorras fixo que levemente varios anos sen que se convoque a mesa do viño nestas denominacións de orixe; doutras zonas xeográficas protexidas, como a dos Viños da Terra en Betanzos, Barbanza e Iria e Val do Miño-Ourense, mellor nin falar.

Se ben as mesas de negociación non son foros oficiais, até hai poucos anos serviron para sentar as adegas e o sector produtor para negociar cuestións esenciais para o bo desenvolvemento do sector, como os prezos ou os contratos. Fóra das mesas do viño, tamén serviría o Consello Agrario Galego para tratar este tipo de temas, pero Medio Rural convocouno para o 3 de xullo tras levar un ano e sete meses sen facelo.

Na única D.O. na que a administración se comprometeu a convocar a mesa do viño e a realizar tarefas como un estudo dos custes de produción para marcar prezos de referencia, foi en Rías Baixas. Comprometéronse a facelo en 2014 e incumpriron a súa palabra; daquela, coa vendima enriba, volveron comprometerse para convocar a mesa do viño a comezos de 2015 e a realizar os traballos que non fixeron en 2014, incumprindo de novo.

Ao final, toda esta problemática foi introducida polo Sindicato Labrego na orde do día do Consello Agrario Galego do 3 de xullo, onde esiximos que o diálogo e a negociación no sector do viño se fixesen ao longo de todo o ano e non en plena vendima. Dende Medio Rural admitiron esta deixadez e comprometéronse a traballar este mesmo verán no tema; tamén dixeron que ían comezar a estudar a fixación duns custes de produción que sirvan de referencia coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega).

POLÍTICA AGRARIA ▶ Son prazas de persoal funcionario e laboral que non se cubrirán tras cesar a persoa que as ocupaba ao non estar contemplado nos Orzamentos Xerais

A Xunta avanza en desmantelar Medio Rural ao suprimir 130 postos de traballo

O 60% das vacantes afectarán ás oficinas agrarias comarcais, de xeito que debilitará aínda máis a súa rede territorial

Que o actual Goberno da Xunta leva anos desmantelando a Consellaría de Medio Rural non é ningún segredo. Sen ir máis lonxe, nos orzamentos da Xunta para 2015 está previsto amortizar 130 postos de traballo neste departamento, é dicir, 130 prazas que quedarán vacantes e non serán cubertas. Desas 130 prazas, o 60% corresponde a persoal das oficinas agrarias comarcais.

As consecuencias deste tipo de políticas son evidentes: a administración cada vez ten menos capacidade para prestar servizos ás persoas que viven do medio rural, de maneira que son empresas privadas as que pasan a ofrecelos, ben sexa a través de convenios, como se fai coa política contra incendios ou a de saneamento gandeiro; ben sexa de maneira totalmente improvisada e desorganizada, como acontece coa tramitación das axudas da Política Agraria Común (PAC), tarefa da que se encargan libremente entidades bancarias, xestorías e as propias organizacións agrarias.

Precisamente, o desastroso sistema informático para tramitar as axudas da Política Agraria Común, o SGAPAC, fixo que o Sindicato Labrego Galego denunciase publicamente un “colapso total” que puxo en perigo o cobro de moitas primas a pesares de terse ampliado o prazo de solicitude até o 15 de xuño. Nun comunicado, dende o SLG criticamos que o SGAPAC é un “sistema obsoleto e moi deficiente no que a persoa que tenta trami-



Unha das últimas xuntanzas do Consello Agrario Galego, con Xosé Álvarez Robledo aínda como director xeral de Producción Agropecuaria. Esta celebrouse o 19 de xullo de 2012 e a ela asistiron Isabel Vilalba e Lidia Senra en representación do SLG

tar unha axuda pode pasar unha xornada enteira sen dalo feito, debido á súa extrema lentitude e a que o programa queda colgado en canto comezas a subir fotografías das fincas obxecto da solicitude ou arquivos dixitais cun

mínimo de peso”. No mesmo texto, dende o Sindicato Labrego advertimos que “moitos e moitas profesionais da agricultura e da gandería poderían perder as subvencións ás que teñen dereito por mor destas deficien-

cias, xa que vai resultar imposible tramitalas todas a tempo a este ritmo e con estes atrancos, e mesmo a pesares de terse contratado persoal extra por parte de moitas entidades para axilizar o proceso”.

Parálise dos órganos consultivos para tratar os problemas dos sectores agrogandeiros

Outro síntoma do desmantelamento da Consellaría de Medio Rural é o manifesto abandono de funcións diante das diversas crises ás que se enfrontan os nosos sectores agrogandeiros e a inexistencia de políticas agrarias máis alá da xestión burocrática de orzamentos.

Un bo exemplo témolo co sector lácteo. A pesares de levar un ano de caída continuada do prezo do leite e a pesares de estarmos a sufrir unha das peores crises dos últimos anos, con miles de granxas en situación límite, a conselleira de Medio Rural fixo ouvidos xordos ao clamor das organizacións agrarias e negouse a arbitrar negociacións entre os axentes do sector coa convocatoria dunha mesa do leite. Só tras moito insistir, e trala manifestación do SLG diante de Logística Alimentaria, a conselleira convocounos aos sindicatos do campo para falar das prácticas mafiosas dos primeiros compradores, pero de pouco poderá servir este

tipo de xuntanzas se non se conta co resto de axentes do sector, como as industrias e as cooperativas.

Este abandono de funcións vulnera incluso decretos publicados no Diario Oficial de Galicia. Se ben é certo que a conselleira de Medio Rural non ten a obriga de convocar a mesa do leite, non é menos certo que si debe convocar un mínimo de catro veces ao ano o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, tal e como estipula o artigo 4.1. do decreto que o regula. Entre as funcións deste órgano de asesoramento, no que si están representados todos os axentes do sector -sindicatos, industrias e cooperativas- atópase a de “analizar a situación do sector e as diferentes problemáticas que o afectan”, segundo reza o artigo 2 a, ou a de “asesorar os diversos servizos da Consellaría” (artigo 2 e). Sen embargo, a crise non debe ser suficientemente importante como para chamar a atención dos nosos e das nosas gobernantes.

SEGUE ▶

O Consello Agrario Galego botou máis de un ano e medio sen ser convocado

No resto dos sectores agrarios acontece algo semellante. Aínda que o sector lácteo é o único que conta cun órgano de asesoramento propio como o Observatorio, para os demais existe o Consello Agrario Galego (CAG), regulado por lei e que debe ser convocado tamén, de maneira ordinaria, un mínimo de catro veces ao ano. A pesares desta obriga, a última xuntanza do CAG da que temos constancia até este verán data do 2 de decembro de 2013, e nela tratáronse cuestións como a Lei de Mellora da Estrutura Territorial de Galicia (Metaga) ou os protocolos de actuación diante da avespa velutina. Dende aquela non se volveu reunir, até este 3 de xullo, que se convocou tras levar un ano e sete meses parado. Tamén deixaron de convocarse órganos de diálogo que, no pasado, se xuntaban con regularidade, como as mesas do viño das distintas denominacións de orixe. Neste sector en concreto, nin sequera se chegaron a celebrar as mesas comprometidas para tratar diversas problemáticas en Rías Baixas en 2014; e neste 2015, imos polo mesmo camiño.

O Consello Agrario Galego constituíuse formalmente o 26 de xullo de 2006. Creábase para substituír as cámaras agrarias provinciais, que foran derogadas polo Parlamento de Galicia o 23 de maio dese mesmo ano. A intención da Xunta coa creación do CAG era dotarse dun novo instrumento de interlocución, consulta e propostas entre as organizacións agrarias e a Administración. O abandono do CAG como ferramenta de asesoramento para a Consellaría de Medio Rural e de participación para as organizacións agrarias e as cooperativas coincide no tempo co cese de Xosé Álvarez Robledo como director xeral de Producción Agropecuaria e a súa substitución por Patricia Ulloa, acontecida en febreiro de 2013.

✓ 890 millóns para desenvolvemento rural sen escoitar a labregos e labregas

Para a elaboración do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020, está a acontecer algo semellante. Como xa denunciámos dende o SLG, a Comisión Europea rexeitou o proxecto presentado pola Consellaría de Medio Rural para xestionar os 890 millóns de euros que lle corresponden a Galiza. Unha das razóns foi non ter contado coa voz dos axentes e colectivos implicados no desenvolvemento rural. Respecto disto, cómpre lembrar que Medio Rural convocounos ás organizacións agrarias, a finais de xullo de 2014, para participar no Comité de Seguimento do PDR. Aí déusenos un texto para o plan 2014-2020 totalmente cociñado e, posteriormente, tan só dúas semanas para revisalo e achegar propostas.

A xestión duns fondos da magnitude do PDR 2014-2020 esixe, cando menos, que a Consellaría de Medio Rural conte coas organizacións que representamos aos labregos e labregas de Galiza para chegar a un consenso sobre onde é mellor investir os cartos. Sen embargo, o Comité de Seguimento do PDR reúnese só unha vez ao ano, e o papel das organizacións agrarias é só o de ser informadas, rexeitándose de maneira sistemática calquera achega ou alegación. En cuestións de desenvolvemento rural, tampouco se convoca o Consello Asesor de Agader. Non se xuntou nin unha soa vez para debater nin para chegar a acordos sobre o mellor destino deses 890 millóns de euros que se investirán na Galiza de aquí a 2020.

✓ Última hora: Medio Rural convoca un Consello Agrario baleiro de contidos

Cando estabamos a pechar este Fouce para enviálo a rotativa, recibimos da Consellaría de Medio Rural unha convocatoria do Comité de Socios e Socias do PDR para o 23 de xuño, e outra do Consello Agrario Galego para o 3 de xullo. Non só foi sorprendente que se convocasen ambos órganos coincidindo coa inminente publicación desta reportaxe, senón que chama a atención que, tras case dous anos sen ser convocado, non haxa cuestións máis importantes para debater no Consello Agrario Galego que o regulamento dos fertilizantes de orixe orgánica e os sistemas de eliminación de subprodutos animais, que son os que ocupan a orde do día. Dende o SLG, introducimos na orde do día o incumprimento de compromisos no sector vitivinícola (ver páxina 9), o colapso do Banco de Terras (ver páxina 27) e o abandono dos órganos de asesoramento e participación tratados neste texto. **FIN ■**



Ana Rodríguez, primeira pola dereita, é a representante do Sindicato Labrego no Consello Asesor de Agader, que non foi convocado dende que Samuel Juárez deixou de ser o titular da Consellaría de Medio Rural

PRODUCCIÓN ECO ▶ Permitírase a presenza accidental de produtos fitosanitarios nos alimentos bio

Os países da Unión Europea acordan unha nova normativa para a agricultura ecolóxica

Os ministros e ministras de Agricultura da Unión Europea chegaron a un acordo, o 16 de xuño, sobre a nova normativa que regulará a agricultura ecolóxica. Un dos puntos máis destacables deste acordo, que aínda debe ser ratificado polo Parlamento, é que foi rexeitada a proposta da Comisión Europea de fixar límites máximos de residuos fitosanitarios. O informe aprobado acepta a eventual presenza destas substancias químicas en alimentos ecolóxicos cando sexan froito dunha contaminación involuntaria, algo que deberá ser determinado por unha investigación a cargo das autoridades competentes. En caso de que a contaminación fose evitable, entón o alimento non poderá ser vendido co selo ecolóxico. No caso dos países que si teñan fixados límites de fitosanitarios para os alimentos ecolóxicos, poderán mantelos até 2020. Os controis deberán ser cada ano, pero poderán facerse cada tres nas granxas onde se determine que non precisan unha maior frecuencia por non ter riscos evidentes de contaminación.

En calquera caso, a normativa proposta pode sufrir varias modificacións no debate parlamentario, probablemente en setembro, xa que se presentaron 350 emendas.

IPOD ▶ As hortalizas son as que sofren maior diferencial nos prezos

Marxes de case o 1.000% nas cabaciñas

No Índice de Prezos en Orixe e Destino (IPOD) correspondente ao mes de maio, e que se elabora con datos que recompilamos as organizacións de COAG en todo o Estado, un dos datos máis destacables foron as marxes medias do 956% para as cabaciñas. A piques de entrarmos no verán, foron precisamente produtos de horta os que tiveron diferenciais maiores, como a leituga (718%), o cogombro (579%), a acelga (556%), a berenxena (548%), o repolo (495%) ou os tomates para ensalada (446%).

Manuel Carbia Martínez ▶ Gandeiro e socio de Gandería Louzao

Gandería Louzao, en Santeles (A Estrada), é unha das poucas na Galiza que pode dicir que non lle vende á industria, pois transforma toda a produción da granxa en leite pasteurizado e queixos. Aínda que a crise lles está a poñer as cousas difíciles, miran con esperanza o futuro e, hoxe en día, seis persoas gañan a vida co que lles dan corenta vacas: Manuel e a súa dona, Isabel; a filla de ambos, Sonia; unha persoa contratada para distribuír e dúas para o manexo do gando.

“En Gandería Louzao transformamos todo o leite que dan as nosas vacas”

✓ Tedes máquinas expendedoras, embotellades unha marca propia que é Leite Ulla, e elaborades queixos. Cando xurdiu a idea de comercializar directamente ou transformar o leite?

Botei moitos anos coa idea na cabeza e tentei dar o paso en dúas ocasións antes da definitiva, a primeira delas hai vinte anos. Foi durante o goberno do bipartito na Xunta que demos o paso e investimos en máquinas expendedoras.

✓ Pero, ¿por que vos arriscastes?

Polos datos que coñecíamos, en Galiza non se producía suficiente queixo para abastecer a demanda e iso animounos. Tamén tiñamos idea de envasar leite pasteurizado. Daquela, cadrou o boom das máquinas expendedoras e nos fixemos con varias nunha época na que a Consellaría de Medio Rural apostaba polas granxas que transformasen o leite en produtos de valor engadido.

Tamén temos que darlle as grazas á xente que nos apoiou no Sindicato Labrego Galego e, moi en especial, a Mariano Lema. El foi a persoa que máis apostou por nós con diferenza. É moi posible que, sen a súa axuda, nin eu nin outras granxas que nos inclinamos pola venda directa teríamos dado ese paso.

✓ Non debeu ser doado o comezo.

Foi tremendamente difícil. Houbo momentos moi complicados e logramos saír adiante grazas ao apoio da nosa filla, Sonia, que daquela estaba estudando e, con pouco máis de vinte anos, decidiu incorporarse á explota-



A queixería é un dos eixes fundamentais da explotación de Antonio e Isabel para darlle valor engadido ao leite das súas vacas

ción e apoiarnos para seguir adiante con tódalas consecuencias. En canto aos inicios, demos os primeiros pasos coas máquinas expendedoras. Despois, comezamos a facer queixo porque nolo demandaban e, grazas aos queixos, conseguimos manternos a flote hoxe, pois as vendas de leite caeron moito.

✓ Foi pola crise?

Si. O 2014 foi terrorífico comparado co 2013, e aínda non logramos saír do pozo.

✓ Cantas máquinas expendedoras tedes hoxe en día?

Temos catro nas prazas de abastos de Marín, Sanxenxo, Vilagarcía e Cangas e, a maiores,

outra nun comercio de Pontevedra.

✓ Canto leite envasado comercializades?

Depende da época do ano. No inverno, vendemos menos, entre 250 e 300 litros por semana; pero no verán case triplicamos a produción porque temos tres clientes que utilizan a nosa materia prima para elaborar xeados, de maneira que vendemos ao redor de 800 litros de leite envasado por semana.

✓ Vendedes á industria?

Non. Agora mesmo transformamos todo o leite que producen as nosas vacas: uns 23.000 litros mensuais.

“Temos que darlle as grazas á xente que nos apoiou no Sindicato Labrego Galego e, moi en especial, a Mariano Lema. El foi a persoa que máis apostou por nós con diferenza e, sen a súa axuda, nin eu nin outras granxas que facemos venda directa teríamos dado ese paso”



Outra das apostas da familia Carbia Tejo foi a comercialización directa dos produtos lácteos que elaboran. Na imaxe, Sonia -filla de Antonio e Isabel- cun posto que atende cada sábado no Mercado do Alimento Labrego dos Tilos, en Teo

“As máquinas expendedoras de leite son carísimas e non son rendíbles”

✓ **Trala experiencia das máquinas expendedoras e de vender leite embotellado, ¿cal pensas que é o mellor xeito de comercializar?**

As máquinas expendedoras son carísimas e non son rendíbles. Cando nós empezamos, unha máquina custábache entre 30.000 e 45.000 euros. Amortizar ese investimento é moi difícil. Ténennos ofrecido máquinas de segunda man a un prezo ridículo, e rexeitámo-las a pesares de que nolas están demandando en moitos lugares. Igual outro pode explotalas mellor ou sacarlle máis rendemento ca nós. Para min, non paga a pena investir tanto co nivel de vendas que teñen despois.

✓ **Que problema hai, entón, para que non teñan un bo nivel de vendas?**

O primeiro problema é a conciencia das persoas que

consumen. A xente quere comer san, pero quere gastar o mínimo posible. Así, moita desta xente merca o leite en grandes superficies comerciais, e abóndalle con que leve o selo de “Galega 100%”. Con iso xa pensan que comen san, pero sabemos de persoas ás que o médico lles sacou o leite da dieta porque non o toleraban e que, sen embargo, beben do noso sen problema.

Outro factor é a crise, que fai que a xente se decante por produtos baratos de reclamo ou en oferta. De todos xeitos, o noso leite non é tan caro. Pódese mercar a 80 céntimos o litro se levas garrafas de 5, pero dá máis traballo que mercale no super. Ao levar tanta cantidade, o noso leite hai que ferverlo e despois conservalo en frío; decotío, estes pasos non se respectan e acábase estragando. Queremos leite na-

tural, pero coas comodidades dos tempos modernos; e iso é imposible.

✓ **Entón, ¿é máis rendíble vender o leite en botella?**

O leite envasado ten unha marxe pequena, pois os custes de distribución son moi grandes; gánaselle máis aos queixos. Vender só leite en máquinas expendedoras e en botella, sería ruinoso; a nós comezaron a darnos as contas cos queixos. Así e todo, a día de hoxe non gañamos un peso. Danos para pagar as débedas cos bancos, e bo é.

✓ **Daquela, cando deades amortizado o que vos pres-taron, será unha actividade rendíble.**

Claro. Para daquela, o que agora levan os bancos quedará para nós. Ademais, non creo que a crise vaia ser algo permanente, e confío que, no futuro, aumenten as vendas.

“Os prezos que paga a industria son un delito e condenan ao suicidio todo o sector lácteo”

✓ **Como ves a situación do sector lácteo hoxe en día?**

Teño cincuenta anos e levo toda a vida neste sector cunha granxa que traballaron meus tataravós como caseiros e que mercaron meus bisavós que, previamente, emigraran a Uruguai. Eu lembro que unha granxa de leite foi sempre un traballo non para facerte rico, pero si para vivir ben. O problema é que houbo unha etapa na que pensamos que íamos ser moi ricos coas vacas, e resulta que, ao final, acabamos arruinados por elas. Os prezos cos que paga a industria o leite son un delito e condenan ao suicidio todo o sector lácteo. Se seguimos así, o único que vai quedar no medio rural galego dentro de dez anos son chisqueiros a vender para provocar incendios.

✓ **Aconsellarías a outras explotacións lácteas que dean o paso que vós destes?**

A día de hoxe, por calidade de vida, non. Non sei mañá. Agora mesmo, nós contratamos unha persoa para repartir. Pero, até ese momento, eu tiña dous días cada semana nos que me erguía ás cinco da mañá, cargaba o coche, marchaba de reparto, e chegaba ás dez da noite a casa; non paraba nin para xantar e apañábame comendo un bocadillo mentres conducía. E todo ese esforzo para ter con que pagarlle aos bancos. Facerte un sitio no mercado é moi complicado. Por desgraza, cada día quedan menos tendas pequenas, que son a nosa aposta, pois decidimos non traballar con grades superficies comerciais.

En calquera caso, eu creo que as explotacións que van resistir mellor esta crise son aquelas que se guiaron polo modelo defendido polo Sindicato Labrego Galego: granxas familiares, que apostan por reducir custes, producir as súas propias forraxes e cunha dimensión axeitada que non obrigue a facer grandes investimentos. Todo o que o SLG leva anos defendendo, semella agora que era camiño correcto.

FIN ■

AGROECOLOXÍA ▶ O xornalista Gonzalo Brocos, de Campo Galego, realizou unha reportaxe sobre a explotación de agricultura biolóxica que xestionan Sergio Boado e Dolores Porto en Irixoa, e que destaca por unha produción variada que inclúe horta, vacún de carne, porco celta e ovino e, en breve, avicultura.

Granxas de Lousada: diversificación en ecolóxico

Texto e fotografías:
Gonzalo Brocos
www.campogalego.com

Sergio Boado e Dolores Porto son o que se pode etiquetar como emprendedores rurais. Comezaron no agro por tradición familiar e por afección e cando a crise os obrigou a buscar alternativas laborais, embarcáronse en poñer en marcha unha explotación en ecolóxico que se caracteriza pola diversidade de sectores nos que traballa. Xestionan horta, vacún de carne, porco celta e ovellas, todo con certificación ecolóxica, e proxectan introducirse en breve na produción de ovos e polos, tamén de xeito biolóxico.

O proxecto de Sergio e Dolores naceu en Lousada de Arriba (Irixoa), unha zona na que predomina a produción láctea con explotacións de tamaño medio e baixo. A propia familia de Dolores xestionaba unha granxa de leite, aínda que Dolores e Sergio optaron por coller outra vía diferente na que viron máis futuro. Diversificaron a oferta, introducíronse na agricultura ecolóxica, e apostaron pola venda directa ao consumidor.

A diversificación da produción é unha das características máis singulares da granxa nun contexto, o do agro galego, caracterizado polas explotacións que adoitan apostar só por un único sector, ben leite, carne ou outros. “Aquí nós tratamos de que a familia que nos merque poida levar de todo”, explica Dolores. “Ofrecémolles produtos de horta, pero tamén xatos, anos e porcos, ben unha canal, ben media canal” –completa Sergio-. “Os animais levámoslos ó matadoiro, onde se sacrifican e despezan”.

A principal vía de comercialización e de contacto cos clientes téñena no mercado de Betanzos, ó que acuden tres veces á se-

mana, así como nas feiras mensuais da vila. “Levou un tempo facerse un oco no mercado, pero desde que comezamos ata agora vimos un cambio moi forte no sentido de que cada vez a xente valora máis o noso produto e confía no noso traballo”, apunta Dolores.

A decisión de producir en ecolóxico permitiulles un posicionamento diferente ante os consumidores e consumidoras. “Optamos pola produción en ecolóxico porque é unha maneira de facer algo serio e de que a xente confíe no produto que ofrecemos”, explica Sergio. “É un modo de traballo que tamén ten máis apoio das subvencións da Política Agraria Común (PAC). É triste que igual a agricultura ecolóxica só compense pola axuda, pero que me digan a min dunha explotación de calquera sector que sexa viable sen subvencións”, reflexiona Sergio.



Sergio Boado e Dolores Porto sostendo en brazos o futuro de Granxas de Lousada

A horta foi o xerme dunha explotación que aposta polas sementes autóctonas

A horta constitúe o núcleo de Granxas de Lousada e tamén é a parte que máis traballo lles esixe. Sergio e Dolores comezaron coa horta en Irixoa, aínda que dada a escaseza de superficie agraria na zona, optaron por xestionar tamén parte dos cultivos en parcelas que colleron en Oza dos Ríos, un concello veciño que ademais presenta a particularidade dunha menor altitude que Lousada (Irixoa), que está por riba dos 400 metros. “Esta característica evita que se xunte todo o traballo, xa que as datas de sementeira e colleita son distintas, co cal, por un lado se reparte o traballo, e por outro, tam pouco nos chega todo o produto xunto senón de xeito progresivo”, explica Dolores.

En horta, a explotación aplica tamén a máxima da diversificación e traballa todo tipo de produtos.

A suma total sobrepasa as 80 variedades, segundo calcula Dolores, que destaca o grelo como cultivo estrela e cita unha longa restra de hortaliças, entre as que figuran o brécol, a coliflor, os chícharos, o repolo, o tomate, o pemento ou as patacas. “No posible e cando vemos que é interesante, traballamos con sementes propias e adaptadas á zona que dan bo resultado”, explica Dolores. “Este ano, por exemplo, aquí case ninguén tivo grelos e o noso aguantou”, apunta.

Outro factor a ter en conta no cultivo é o lugar de sementeira. “En Lousada dásenos mellor algúns cultivos, como o grelo, que ten un sabor moi distinto do de abaixo, ou as patacas Baraka. En cambio a pataca Kennebec dáse mellor en Irixoa”, comparan.

SEGUE ▶

Producir o suficiente para garantir prezos dignos de venda

A parte de gandaría da explotación comezou case como unha ocupación para o tempo libre, ata converterse nun dos piares do traballo de Granxas de Lousada. “Cando comezamos coas primeiras vacas de carne, eu aínda traballaba na construción” – lembra Sergio-. “Agora temos 16 reprodutoras máis un touro”. A maioría dos animais son da raza Asturiana de Los Valles, salvo unha de Rubia Galega e algúns cruces. “É unha raza que aguenta mellor o mal tempo e a vida no monte. As vacas dan máis leite para as crías que no caso da rubia galega que, en xeral, ten unha xenética máis dirixida ao volume de produción de carne”, considera Sergio.

“Aquí na zona houbo malas experiencias coa Rubia Galega e tiñamos claro que queríamos probar con outras razas” – conta Dolores-. “Tivemos tamén unha Cachena, que se adaptaba moi ben aquí e que tiña unha carne moi boa, pero quizais a Asturiana dá algo máis de produción”, valora.

A introdución do porco celta, do que agora teñen 4 exemplares femias e un macho, para unha produción anual duns 20 porcos, e as ovellas, completan por agora a parte gandeira da explotación. “Coas ovellas tamén comezamos pouco a pouco. Metemos dúas, vimos que ían ben, logo outras dúas e así” – explica Sergio-. “Non nos enfocamos ó volume, senón a producir o que damos comercializado. O outro día preguntábanme por que non metía máis porcos se me ía ben con eles e eu esa parte téñoa clara. Nós non facemos produción industrial”.

“Coa horta é igual –apunta Dolores-. É mellor vender poucas leitugas a un prezo que remunere o traballo que facer moito volume para venderllas a 15 céntimos a unha cadea de distribución”, valora.

De cara ó futuro, a granxa xa traballa na incorporación dun galiñeiro, cunha parte de cría, outra de galiñas poñedoras e outra de polos de ceba.

✓ Lobos, xabarís e cervos: a difícil convivencia coa fauna salvaxe

Granxas de Lousada xestiona arredor de 30 hectáreas divididas nun cento de parcelas que se sitúan nun área de media montaña próximo ó parque natural das Fragas do Eume. Esa ubicación, caracterizada por unha alta presenza de fauna salvaxe, leva a dificultades á hora de compatibilizar o traballo agrario co medio natural.

A explotación sufriu un ataque de lobos, que fixo unha desfeita no rabaño de ovellas, e tamén incursións do xabarín, que cubriu a algunha porca e deixouna estéril, según lembra Sergio.

Logo dos ataques, a explotación fíxose con dous mastíns para protexer porcos e

ovellas e optou por valar e electrificar algúns dos recintos nos que manteñen ós animais. “Coas vacas en principio non tivemos problemas. Para permitir que se defendan do lobo, tamén optamos por deixarlles cornos. É algo que algunha xente non ve moi ben, pero que é necesario”, conta Sergio, que tamén dá conta do resultado das incursións do lobo no monte comunal, do que é presidente. “Temos 36 cabezas de cabalos e o ano pasado sacamos só un poldro”, resume. “A parte positiva é que desde que hai máis presenza do lobo baixou o xabarín, pero hai uns anos, aquí no Tecor de caza, nun radio de 5 quilómetros chegaron a abatirse nunha campaña preto de 40 xabaríns”.

Os cervos son outro problema a ter en conta. Nunha das últimas colleitas de millo, dunha finca dunha hectárea saíron só 4 metros cúbicos de grao, unha baixa produción que se explica pola presión dos cervos sobre a plantación. “Esta situación non é normal. Semella que estamos aquí para darlle de comer a cervos e lobos”, resumen.

O eucalipto, que se expande por zonas de monte e por antigas pradeiras de explotacións que abandonan, é outro dos ‘inimigos’ declarados que teñen na zona.

FIN ■



En Granxas de Lousada acabaron apostando polas patacas de variedade Baraka por darse mellor que a Kennebec na zona

APICULTURA ▶ Os votos do PP impediron prosperar a proposta de COAG

O Ministerio cede á presión da industria e non obrigará a informar da orixe do mel na etiquetaxe

O Consello de Ministros celebrado o 12 de xuño aprobou, finalmente, o Real Decreto que modifica a norma de calidade no mel para adaptarse á normativa comunitaria. Desta maneira, o Goberno do Estado seguirá permitindo aos operadores etiquetar mel de fóra da Unión Europea como “mestura de mele UE-Non UE” sen indicar os países onde se produciu, ou etiquetar como “mestura de mele non UE” os procedentes de terceiros países sen indicar a súa orixe concreta.

“Os ministerios de Agricultura e Sanidade cederon finalmente ás presións da industria envasadora de mel chinés, dándolle as costas aos consumidores e consumidoras e ao sector apícola”, subliñou Ángel Díaz, responsábel do sector apícola de Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG).

Tanto dende a COAG como dende o SLG, se lle pediu ao Ministerio de Agricultura que o Real Decreto contemplase a obrigatoriedade de detallar na etiqueta o país ou países orixinais do mel. Mais esta proposta foi rexeitada polo Ministerio e polo Grupo Parlamentario Popular na Comisión de Agricultura do 18 de novembro. Sen embargo, esta proposición non de lei si foi apoiada polos outros grupos políticos do Congreso. Por este motivo, o sector apícola de COAG enviou unha carta aos grupos parlamentarios que apoiaron a proposición, e tamén ás novas formacións políticas sen representación no Congreso, para que inclúan este punto nos seus programas para as Eleccións Xerais.

FUMIGACIÓNS ▶ Darán permisos até o 9 de agosto para usar tau-flavulinato

Autorizan o emprego masivo dun pesticida para combater o gorgullo do eucalipto

En 2014, a Xunta e a patronal da celulosa conseguiron autorización do Ministerio de Agricultura para experimentar a aplicación dun novo pesticida nos eucaliptais afectados polo gorgullo (*gonipterus scutellatus*). O principio activo ensaiado era o tau-fluvalinato, orixinalmente formulado para combater os pulgóns nos cultivos de horta e froiteiras. Ao parecer, os experimentos deron o resultado agardado e agora a Xunta solicitou ao Ministerio, que o autorizou, a fumigación masiva de milleiros de hectáreas de plantacións afectadas polo gonipterus. Trátase da totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra e dos distritos forestais VI (A Mariña) e XI (O Ribeiro).

A licenza excepcional para a aplicación do insecticida ten vixencia dende o 9 de abril ao 6 de agosto e, nese tempo, as persoas propietarias ou arrendatarias, deberán solicitar o permiso para fumigar cunha antelación de 48 horas.

O Ministerio de Agricultura xustificou a excepcionalidade da medida seica porque concorren "circunstancias especiais" porque o gorgullo supón un "perigo imprevisíbel" que non pode controlarse por outros "medios razoábeis".

Dende a Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) criticaron que se considere excepcional e imprevisíbel unha praga que leva décadas afectando aos monocultivos de eucalipto. A asociación ecoloxista recordou que "existen outros métodos de loita, tanto químicos como biolóxicos que xa amosaron a súa efectividade" e advertiu sobre a toxicidade do tau-fluvalinato, que é bioacumulativo e altamente tóxico para a vida acuática.



O 16 de maio, os servizos técnicos forestais do SLG asesoraron a Comunidade de Montes de Labrada na cuestión da PAC

POLÍTICA AGRARIA COMÚN ▶ Os criterios para conceder as primas deixaban fóra moitos terreos de uso silvopastoril nos que se está a alimentar ao gando

As comunidades de montes da Terra Chá recuperan 650 hectáreas para a PAC

Mantivéronse contactos co FEGA e co FOGGA para demostrar que as terras excluídas utilízanse para praderías e forraxes

A mediados de maio, o Sindicato Labrego Galego denunciaba que centos de hectáreas de monte dedicadas a usos gandeiros podían quedar fóra das axudas da PAC polos criterios aplicados para clasificar os terreos como forestais ou no coe-

ficiente de admisibilidade para o resto de terreos, criterios que fan referencia á densidade de arborado, superficie ocupada por especies herbáceas e altura da vexetación. Así, nas axudas da PAC quedaban excluídos aqueles terreos con máis de 100 árbores por hectárea ou con menos do 50% da súa superficie ocupada por vexetación herbácea. Estes baremos son un claro exemplo do descoñecemento absoluto da gandería galega por parte de quen diseña

as axudas da PAC, e da figura dos montes veciñais en mancomún, pois no noso país hai moita superficie de monte adicada a usos silvopastorís que combinan a presenza de arborado cun aproveitamento gandeiro que, en moitos casos, se fai de xeito comunitario. Este tipo de explotación, ademais de ser un uso tradicional, permite un aproveitamento integral do terreo e contribúe de maneira eficiente na loita contra os incendios forestais.

Xuntanza co subdirector xeral de xestión da PAC no Fondo Galego de Garantía Agraria

A raíz de todo isto, o Sindicato Labrego Galego mantivo contactos coa Consellería de Medio Rural e co Ministerio de Agricultura, a través dos fondos galego e español de Garantía Agraria (FOGGA e FEGA), para intentar buscarlle unha saída a esta problemática. Tamén asesoramos comunidades de montes da Terra Chá onde están moi estendidos os usos silvopastorís do monte ás que, sen embargo, non se lles recoñecía o 70% da superficie que dedicaban para alimentar o gando. Estas comunidades de montes, encabezadas pola de Labrada (Abadín), lograron manter unha xuntanza na Consellaría de Medio Rural co subdirector do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), Jose Ángel Burgo Rodil, o pasado 1 de xuño en Compostela. Grazas a este encontro, as comunidades de montes conseguiron que lles revisasen a superficie

que podían declarar como de uso gandeiro, de maneira que se lles recoñeceu un 40% máis da que lles admitían en principio. Así, de 962 hectáreas repartidas en 63 parcelas que ficaban excluídas das axudas da PAC nun primeiro momento, lograron recuperar 650 hectáreas.

A pesares da boa nova que supuxo para estas comunidades de montes da Terra Chá o recoñecemento de boa parte da superficie que dedican a pastoreo, dende o Sindicato Labrego Galego lembramos que o problema segue vixente, de maneira que seguimos padecendo uns criterios de aplicación da PAC que non teñen en conta a realidade do noso país, polo que segue aberta unha loita para tentar mudalos tanto a nivel da Unión Europea, como do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural.

VENDA DIRECTA ▶ Terá ordenanza municipal propia e farase na praza Mugartegui con periodicidade quincenal

Pontevedra ten mercado de alimentos labregos dende o 6 de xuño

A segunda edición coincidiu coa Semana Galega do Comercio Xusto organizada tamén por Amarante, Boa Vida e Sindicato Labrego

Tal e como adiantabamos no anterior Fouce, a Asociación 4 Ponlas, integrada por labregos e labregas e persoas que consumen, puxo en marcha un mercado de alimentos labregos e produtos artesanais na cidade de Pontevedra.

A inauguración oficial foi na praza Curros Enríquez, o 6 de

xuño; mentres que a segunda edición tivo como escenario a praza do Teucro e inscribiuse dentro das actividades da Semana Galega do Comercio Xusto. Este último evento estivo organizado, a maiores, polo Sindicato Labrego Galego, Amarante Setem e a Asociación Boa Vida; e incluíu actividades como un cine forum no que se proxectaron os documentais *"As costuras da pel"* e *"Cambiámolo?"*, ou a presentación da iniciativa polo consumo responsable de roupa MOV3: Galicia Viste Consciente.



A inauguración do mercado de alimentos locais en Pontevedra foi o 6 de xuño

En canto ao mercado de alimentos labregos de Pontevedra, 4 Ponlas cumpre coas súas previsións, aínda que falta puír algúns detalles. Por exemplo, os dous mercados de xuño non se celebraron no lugar definitivo, que será a praza Mugartegui, o

primeiro e terceiro sábado de cada mes, en horario matinal.

A maiores, 4 Ponlas está colaborando co concello na elaboración dunha normativa propia que regule o mercado, diferenciada da ordenanza municipal para praza de abastos e feiras.



365
días de
Tranquilidade



O Seguro do Campo é a nosa vida, dende hai case 30 anos. A Nosa experiencia, ao teu carón, convértenos no **grande especialista en Seguros Agropecuarios** deste país e permítenos ofrecerche o mellor asesoramento e condicións para a escolla do teu Seguro.

En **AGROMUTUA** queremos premiar a túa confianza no sorteo, entre tódolos asegurados, de

12 PÓLIZAS TOTALMENTE GRATIS, unha cada mes, cun custe de póliza máximo de até 6.000 € cada unha.

Para que desfrutes os 365 días de Tranquilidade, GRATIS!

Consigue a túa Póliza Gratis!

Bases da Promoción en www.agromutua.es/promo

☎ 902 50 44 43 ➡ www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Tódolos Campos



PREZOS ▶ Amigos da Terra organizou en 2014 unha serie de obradoiros para reflexionar sobre o prezo dos alimentos. Desas xuntanzas, recolleemos un estudo de Jeromo Aguado, labrego e presidente de Plataforma Rural, sobre a cría de polos ecolóxicos, que foi publicado no nº 20 da revista Soberanía Alimentaria.

Por que os polos ecolóxicos de Coren non son ecolóxicos?

Texto e táboas:
Jeromo Aguado,
presidente de Plataforma Rural

Imos elixir como exemplo a curta historia dun grupo de mozos e mozas da provincia de Palencia que decidiron volver ao campo, porque sei que o seu traxecto é o mesmo que percorreron e están a percorrer outras moitas persoas que desexan volver á aldea. O seu maior patrimonio, moitas veces o único, é a creatividade e, buscando e rebuscando ideas para vivir no campo, viron na cría de polos unha oportunidade para facer realidade os seus sonhos.

✓ Un relato habitual

É o exemplo de moita xente moza que decidiu volver á aldea. Veñen para coidar da terra e dos animais, ao tempo que producen alimentos e manteñen con vida os territorios. Traballan en unidades produtivas moi pequenas, con motivación de recuperar a función social da agricultura: alimentar ao mundo. Apaixonáalles traballar no campo, por iso decidiron incorporar entre as súas estratexias de traballo o mantemento das culturas rurais e labregas, base fundamental do manexo agroecolóxico das granxas nas que traballan, a tempo que defenden mediante as súas prácticas cotiás os bens comúns, a auga, as sementes. Co seu compromiso diario de vivir no campo súmanse á Vía Campesina como proposta de futuro para a humanidade, e iso quérenos facer xunto co resto da cidadanía, a que dá sentido á súa opción cando os seus alimentos chegan da terra aos seus pratos.

O grupo de Palencia pensou, concretamente, na actividade da cría de polos nun momento no cal non había moita oferta deste produto e si unha demanda crecente; tamén porque é pouca a



superficie de terra que cómpre. Despois é cando hai que comezar a tomar as primeiras decisións: que raza escoller, como alimentalos, como resolver os ataques da fauna salvaxe... Pero, finalmente, conseguiron unha boa produción de polos ecolóxicos de primeira calidade. Os polos chegaban ás familias consumidoras nas cestas semanais que xa estaban establecidas en grupos de consumo da comarca. Ademais, e de xeito colectivo, decidiron montar un pequeno matadoiro de aves para sacrificar os seus polos, pechando así todo o proceso produtivo e de elaboración. É dicir, conseguiron o ideal da “comida do campo ao prato”. Pero, ¿poden vivir disto?

✓ O prezo oculto

Moitas veces temos denunciado os custes ocultos da produción agroindustrial e Coren, coas súas liñas de crianza de polos en convencional, é un bo exemplo (ver Fouce 306, páxinas 10 e 11. “A gandería industrial de Coren sitúa A Limia ao borde do colapso

ecolóxico”). O prezo do polo a 2 euros o quilo non incorpora os custes sociais e ambientais do sistema produtivo. Nin tampouco ten en conta como estas grandísimas producións rematan provocando a desaparición de moitas pequenas producións e o que isto significa no referente á desestruturación do tecido rural.

De feito, dende o campesiñado definen así o que significa Coren para o medio rural galego: “pobreza nas parroquias, contaminación, caciquismo e ruína dos pequenos produtores e das pequenas produtoras, aínda que todo se pinte de verde ecolóxico”.

✓ Quen come o noso mercado

Coren é unha cooperativa de segundo grao, afincada na provincia de Ourense, que sacrifica ao redor de 120 millóns de polos ao ano. É unha das maiores cooperativas do Estado Español, con 1.000 millóns de euros de facturación anual, proporcionando traballo directo e indirecto a 6.000 familias nunha das provin-

cias máis empobrecidas do Estado. Ten presenza cos seus produtos en 42 países e nalgún deles as súas propias factorías. Mais, aínda que a súa fórmula xurídica sexa unha cooperativa, esta empresa está moi lonxe dos principios da cooperación e a economía solidaria, máis ben ao contrario.

Para a produción de polos, Coren utiliza principalmente o que se coñece como modelo de integración onde entrega os pollos e o penso a pequenas unidades gandeiras familiares que poñen o seu traballo e as súas instalacións e son estas as que asumen os riscos. Así, existe toda unha rede de familias traballando para Coren sen contratación laboral e asumindo os custes da seguridade social. As marxes de beneficios coas que traballan son tan baixas que unha familia precisa producir ao redor de 140.000 polos ao ano para que poidan saír as contas.

Este sistema, moi utilizado polas multinacionais que operan no sector cárnico, permite a Coren acadar as cifras antes mencionadas. Unha produción a grande escala que só para pensos precisa máis de 600 millóns de quilos de cereal cada ano.

Dende hai uns anos, con este mesmo xeito de facer as cousas, e coa intención de controlar todo o mercado de polo posible, Coren puxo en marcha unha liña de “polos ecolóxicos” que vende un 50% máis barato do que adoitamos a atopar decotío; deste xeito, é moi difícil atopar o noso espazo para un proxecto labrego. O máis dramático é que eses polos “ecolóxicos” de Coren atópanse tamén nas cestas de moitos grupos de consumo responsable. **SEGUE ▶**

Custes ocultos para poder vender carne ecolóxica a 7 €

Se nos fixamos na táboa, podemos analizar de maneira transparente os custes e os beneficios reais de quen, a pequena escala, coidando a terra, con proxectos sostibles, producen polos para dar vida ao mundo rural.

Neste exemplo real, cunha hectárea de terra, estase a producir unha media anual de 575 polos, pois aínda que se podería chegar a producir uns 1.500, a cifra é máis baixa porque non hai máis demanda na zona. Como vemos, a marxe de beneficio é dun 27%; non é moito se temos en conta que quen distribúen, como media, adoitan a aplicar unha porcentaxe equivalente ou mesmo superior. Con esta marxe nada esaxerada, o beneficio anual é escaso, uns 3.500 €. Os datos que coñecemos do polo ecolóxico de Coren é que é vendido aos seus distribuidores a uns 5 € o quilo. Por iso, nalgúns cooperativas de consumo, vemos o polo ecolóxico a uns 7 €. Mentres tanto, na nosa granxa modelo, o custe de produción é de 7 € e, loxicamente, a venda ao público ten que estar ao redor dos 9 €.

Ademais destes custes ocultos do modelo de produción, o sistema de integración que utiliza Coren é un bo truco para poder ofrecer estes prezos tan baixos. A Coren non lle pasa como á granxa do exemplo. Só teñen que imputar os custes por polos vivos porque os polos que morren fano nas granxas familiares que traballan para a empresa, vítimas do mesmo modelo.

Para rematar, ¿é daquela insostible a nosa proposta? Rotundamente, non. Para moitas persoas que queren vivir no medio rural, contar con alianzas sólidas e continuas dun grupo de consumo que asegure a venda de 1.500 polos ao ano, é suficiente. Con 12.500 € ao ano, estes milleuristas rurais que producen boa parte dos seus alimentos, na granxa e na horta, saben que poden levar unha vida digna e plena.

SEGUE ►

PRODUCCIÓN DE POLO ECOLÓXICO, NÚMEROS DUN EXEMPLO REAL (proxecto con 1 hectárea de terra que produce 575 polos nun ano) CONTABILIDADE ANUAL		
GASTOS		
CONCEPTO	€ / unidade	Anual
Seguridade Social	206 € / mes	2.472'00 €
Aluguer	100 € / mes	1.200'00 €
Xestoría	100 € / trimestre	400'00 €
Calor (butano)	Anual	450'00 €
Poliños (650 polos/ano)*	0'86 € / polo	559'00 €
Penso de inicio (500 kg/ano)	1 € / quilo	500'00 €
Trigo (3.400 kg/ano)	0'26 € / quilo	884'00 €
Cebada (3.400 kg/ano)	0'25 € / quilo	850'00 €
Xirasol (500 kg/ano)	0'51 € / quilo	225'00 €
Palla	Anual	150'00 €
Programa Salmonela	Anual	200'00 €
Rexistro ecolóxico	Anual	250'00 €
Seguro animais	Anual	21'50 €
Cal, xofre, outros, limpeza...	Anual	100'00 €
Traslado ao matadoiro	Anual	100'00 €
Sacrificio de aves*	4'95 €	2.846'25 €
Salmonela no matadoiro	Anual	200'00 €
Distribución	Anual	350'00 €
TOTAL GASTOS		13.056,25 €

INGRESOS		
CONCEPTO	€ / unidade	Anual
Quilos producidos por 575 polos	3'1 quilos / pollo	1.782'50 €
Prezo de venda por kg. de polo	9'30 €	16.577'25 €

BENEFICIO ANUAL (Antes de impostos)	3.521'00 €
-------------------------------------	------------

ANÁLISE DE CUSTES	
Polos producidos	575
Gasto por polo	22'71 €
Gasto por quilo de polo	7'32 €
Prezo de venda por quilo de polo	9'30 €
Porcentaxe de incremento/beneficio	27%

Preguntas para a reflexión e para continuar co debate

Transcorreron máis de quince anos dende os primeiros encontros que permitiron comezar a crear alianzas entre a produción e o consumo baixo diferentes modalidades organizativas, unhas máis formais ca outras, pero todas permitiron que miles de familias poidan participar dun xeito ou doutro na xestión da súa propia alimentación. O resultado podémolo valorar de forma moi positiva, tanto en termos cualitativos, como nas diversas opcións de organizar outra maneira de consumo de alimentos que se dan por toda a nosa xeografía (grupos de consumo, mercados labregos, venda directa, etcétera).

Estas formas de consumo alternativo multiplícanse e con elas medra a demanda dunha comida sa, aínda que a un ritmo máis lento que a oferta de produtos ecolóxicos; ao ser cada vez maior a oferta, os grupos teñen máis onde elixir, aceptando en moitos casos a mesma mecánica e os mesmos criterios que nos mercados convencionais. A produción de polo foi un bo exemplo para identificar un problema que aparece en moitas das alianzas entre os axentes de produción e consumo, pero esta problemática vívese tamén con outros produtos. As preguntas que seguen roldando polas cabezas seguen a ser as mesmas, pero algunhas certezas xa están sobre a mesa:

- ✓ Que modelo de agricultura e de alimentación estamos a apoiar cando mercamos o polo de Coren?
- ✓ Procurando o prezo máis barato nos alimentos, ¿estamos facilitando os procesos de construción de soberanía alimentaria?
- ✓ Respecto do exemplo analizado, ¿2 € por quilo de polo convencional é aceptábel? E 7 € por un polo ecolóxico dunha grande industria?
- ✓ Como podemos abordar a valoración dos custes reais de produción dun alimento sen dar lugar a picarescas e enganar por parte de quen os producen?
- ✓ Como saír da dinámica oferta-demanda no movemento das alianzas entre produción e consumo?
- ✓ Como facer que o consumo de alimentos de proximidade poida ser economicamente accesible a toda a poboación?

FIN ■

HERBICIDAS ▶ Ademais de usarse en agricultura, utilízase para a limpeza de cunetas e para controlar plantas adventicias en xardíns públicos

O glifosato entra na listaxe de substancias canceríxenas da OMS

En países con grandes áreas dedicadas a monocultivo de OXMs ocasiona graves incidencias sanitarias

O 20 de marzo, a Axencia Internacional para a Investigación sobre o Cancro (IARC, dependente da Organización Mundial da Saúde-OMS) incorporaba o glifosato dentro da lista de substancias probablemente canceríxenas para humanos.

Trátase dunha importante nova, xa que o glifosato é o principio activo máis utilizado no mundo para fabricar herbicidas, tanto de uso profesional como doméstico, en agricultura ou en xardinería. Aínda que era a multinacional Monsanto quen tiña a patente dende os anos 70, que comercializaba baixo a marca Roundup, no ano 2000 esta expirou, polo que se comezou a estender o seu uso en todo tipo de fitosanitarios. No Estado Español, autorizouse en 1974 e, ademais de ser utilizado no eido agrícola,



O glifosato esperta un rexeitamento cada vez maior na sociedade

tamén o empregan as administracións públicas para eliminar herbas das cunetas, beiravías, liñas de ferrocarril, solares, parques e xardíns.

Así e todo, non sería até a creación e comercialización dos transxénicos que Monsanto atoparía a súa trabe de ouro. Non en van, boa parte dos millos e soias xurdidos dos laboratorios desta multinacional foron deseñados para resistir cantidades anormalmente altas de glifosato; en xeral, o 70% dos cultivos transxénicos están deseñados para ser resistentes a

herbicidas. Desta maneira, a empresa multiplica o seu lucro vendendo o lote completo: as sementes e o herbicida que hai que utilizar cos cultivos. Para que nos fagamos unha idea do volume de negocio, só Arxentina fumiga os seus campos de cultivos transxénicos con máis de 300 millóns de litros de glifosato cada ano, provocando auténticos desastres medioambientais por contaminación de solos, auga, ar, cultivos, etc; e secuelas irreversibles na saúde e integridade física das persoas.

A CE aproba e renova licenzas a 8 OXMs resistentes a este perigoso herbicida

Nos seus argumentos, a IARC alega que existen probas limitadas que relacionan o glifosato co Linfoma de Hodgkin (cancro do sistema linfático) en persoas de Estados Unidos, Canadá e Suecia; e o desenvolvemento de tumores en animais de laboratorio.

Sen embargo, persoal médico, científico e colectivos sociais dos países onde están a aturar o uso indiscriminado e masivo de glifosato, van máis alá. Sen entrar a fondo na ampla literatura que hai ao respecto, o glifosato está relacionado con mortes prenatais, falecementos por exposición directa ao herbicida, mortalidade masiva de fauna acuática, malformacións en nacementos e mutacións xenéticas, abortos, trastornos endocrinos, alerxias, problemas

respiratorios, lupus, púrpura, leucemia, afeccións na pel, destrución de hortas e froiteiras, presenza do tóxico no leite materno ou varias tipoloxías de tumores e cancros.

A pesares do devandito, a clasificación do glifosato como canceríxeno non tivo eco na Comisión Europea, que vén de aprobar 10 novos transxénicos e renovarlle a licenza a outros 7, dos cales 15 están deseñados para ser resistentes a herbicidas e 8 ao glifosato.

Isto provocou o rexeitamento e a petición de retirada de autorizacións por parte dunha trintena de organizacións no Estado entre as que se atopan a COAG, Amigos da Terra, a Rede de Sementes, a Confederación de Consumidores e Usuarios (CECU) ou a Plataforma Rural.

MINARÍA ▶ Os colectivos de contraMINAcción máis medio cento de organizacións de dentro e fóra de Galiza expresaron a súa solidariedade co activista de Triacastela

Apoio sen fendas a Marcos Celeiro no xuízo pola falsa denuncia de Cosmos

Reclamamos da Xustiza non só que absolva o presidente da Asociación O Iribio, senón que investigue as ilegalidades da cementeira

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego uniuse ao cento de persoas que acudiu, o 7 de maio, aos xulgados de Vigo para expresar o seu total e incondicional apoio a Marcos Celeiro, presidente da Asociación O Iribio (Triacastela).

Marcos sentou no banco dos acusados tras ser denunciado pola empresa Cementos Cosmos. O seu suposto delito: facer públicas as ilegalidades e a desfeita que esta empresa mineira está a perpetrar no entorno da canteira de Vilavella.

No Sindicato Labrego Galego, como no resto de colectivos que formamos parte de contraMINAcción, acreditamos xusto o contrario: Marcos Celeiro exerceu o seu dereito e o seu deber como cidadán e veciño de Triacastela a chamar a atención e divulgar datos sobre a acción devastadora de Cementos Cosmos no seu concello, empresa da que existen probas fidedignas que demostran numerosas irregularidades e atentados contra o patrimonio natural e arqueolóxico do noso país (información cumprida nos números 303, 304, 305, e 306 de Fouce).

Por iso, dende os colectivos que formamos parte de contraMINAcción, confiamos en que a xuíza que leva o caso absolva Marcos Celeiro dos falsos cargos que lle pretenden imputar, do mesmo xeito que confiamos en que as autoridades fagan cumprir a lei a Cementos Cosmos na súa xestión da canteira de Vilavella.



O Sindicato Labrego Galego non foi o único que apoiou Marcos Celeiro. Medio cento de organizacións sociais e colectivos de dentro e fóra de Galiza asinaron un manifesto en solidariedade co presidente da Asociación O Iribio. No escrito de apoio, denunciámos que «a demanda trata de desprestixiar a persoa de Marcos Celeiro como autor de “denuncias falsas” coa intención de entorpecer varios procesos xudiciais contra Cosmos por diferentes irregularidades cometidas pola empresa, silenciálo e acadar que non se admita a súa testemuña noutros procesos contra a empresa. Os avogados da empresa están a crear unha demanda da nada. Procuran intimidar e desmobilizar a oposición veciñal no conflito con Cosmos e crear un precedente exemplarizante. Procura tamén causar a Marcos o máximo dano psicolóxico para que, desarmado animicamente, non loite contra eles. Por estes mo-



tivos, solidarizámonos con Marcos Celeiro e esiximos a Cementos Cosmos que cancele inmediatamente o proceso contra el, e ás autoridades que se ocupen de investigar as constantes irregularidades cometidas pola empresa e actúen».

Dúas instantáneas que expresan o amplo apoio recibido por Marcos Celeiro o día do seu xuízo. Arriba, concentración diante dos xulgados de Vigo; abaixo, membros da Executiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina facendo un alto nunha xuntanza de traballo en Bruxelas para solidarizarse co activista galego

SANIDADE ▶ Miles de persoas saíron á rúa o 21 de maio para esixir radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear

Multudinaria manifestación en Lugo polos servizos do HULA

O 21 de maio, Lugo foi escenario dunha multitudinaria manifestación para reclamar os servizos de hemodinámica as 24 horas, medicina nuclear e radioterapia no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA).

A manifestación encadrouse nunha acción máis ampla que, baixo o título “Que non che rouben o corazón” estivo denunciando estas graves carencias na asistencia sanitaria dos e das lucenses mediante iniciativas parlamentarias, campañas nas redes sociais ou o reparto de chapas e camisetas.

A pesares de toda a presión, a Xunta segue porfiando en non dotar con estes servizos o

HULA. Mesmo a Deputación de Lugo se ofreceu a financiar un servizo de hemodinámica as 24 horas do día, polo que, neste servizo en particular, o argumento do custe tampouco lle serve agora ao Goberno de Feijóo. Malia o ofrecemento, o Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP, rexeitou tamén esta posibilidade.

Así, Lugo seguirá estando á cabeza do Estado en mortes por infarto por motivos puramente políticos, duplicando a media de falecementos por esta causa (ver Fouce 307, páx. 19). En canto aos outros servizos, máis de 2.000 lucenses que necesitan ao ano un cateterismo ou unha



Miles de lucenses apoiaron as demandas para solucionar as carencias do HULA

diagnose con medicina nuclear terán que seguir desprazándose á Coruña; o mesmo que as persoas enfermas de cancro que teñan que recibir radioterapia, que seguirán condenadas a fa-

cer periplos de máis de 10.000 quilómetros para recibir 23 sesións que duran só uns 15 minutos (uns 400 quilómetros diarios que veñen consumindo máis de 12 horas por xornada).



A coordinadora do SLG na Terra Chá participou na concentración de Vilalba

EDUCACIÓN ▶ Unha ducia de vilas e cidades galegas foron escenario das mobilizacións o pasado 25 de maio

Protestas pola gratuidade universal dos libros de texto

O 25 de maio, a Confederación de Anpas Galegas organizou varias concentracións para protestar polo inxusto cambio de criterio no préstamo de libros de texto nas escolas imposto pola Xunta.

O SLG apoiou estas mobiliza-

cións e participou activamente no desenvolvemento da realizada en Vilalba. Ademais, tamén houbo concentracións de protesta en cidades e vilas como Compostela, Vigo, Lugo, Ferrol, Cangas, Ponteareas, Mos, Redondela, Cee ou Carballo.

AUGA ▶ Foi organizada en Compostela polo grupo político da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica

O SLG participou na xornada “A auga: un dereito humano”

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, participou na xornada “A auga: un dereito humano”, organizada por Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica, o 6 de xuño en Compostela.

Isabel falou en nome da Plataforma Galega contra a Lei de Augas e achegou unha análise

da loita contra a privatización da auga na Galiza. A secretaria xeral do SLG alertou que, a día de hoxe, existe “unha dinámica de privatización clara que non responde ao aforro nin a fins sociais, senón que existe e un afán recadador”. “A función social da auga debe prevalecer por riba do valor mercantil”, sentenciou.



A eurodeputada Lidia Senra foi a encargada de inaugurar e dirixir a xornada

TRATADOS DE LIBRE COMERCIO ▶ A Comisión e o poder empresarial recuaron diante do temor a un voto negativo aos tribunais privados de arbitraje (ISDS)

O Parlamento Europeo apraza a votación sobre o TTIP grazas á presión cidadá

Os grupos opositores ao tratado tiñan presentadas máis de 200 emendas ao documento que se debía someter a debate

O pasado 10 de xuño, o Parlamento Europeo debía votar un informe co que se ía definir a posición da UE nas negociacións sobre o Tratado de Libre Comercio cos Estados Unidos, coñecido como TTIP. Mais, a última hora, o presidente da Eurocámara, Martin Schulz, botaba man dunha argucia legal para aprazar a votación por 183 votos a 181. Aínda que a escusa foi que o alto número de emendas -máis de 200- non facía viable o debate nunha soa xornada, dende as organizacións e colectivos sociais que loitamos contra o TTIP denunciámos que este adiamento debeuse ás crecentes protestas contra este tratado e aos votos negativos que se ían dar mesmo na bancada dos partidos que o apoian: conservadores, socialdemócratas, liberais e ultra-dereita. Desta maneira, e tendo por medio o verán, é probable que o debate parlamentario sobre o TTIP se adíe até novembro.

Un dos puntos máis controvertidos do tratado puido ser clave para que se suspendese a votación. Trátase do mecanismo de resolución de conflitos entre as empresas e os estados, o coñecido como ISDS. Por unha banda, tanto a Comisión Europea como o poder empresarial puideron forzar a suspensión do debate debido á posibilidade de que, finalmente, se votase por rexeitar o ISDS.

A pesares de terse paralizado o proceso de aprobación do TTIP, as organizacións sociais lle facemos a contra sabemos que a loita segue aberta. Dende a campaña Non TTIP advirten que “debemos seguir moi aler-



Miguel Blanco transmitiulle ao comisario de Agricultura, Phil Hogan, o pasado 11 de xuño, o rexeitamento das organizacións que integramos COAG ao TTIP

ta, pois é posible que a maioría neoliberal entre conservadores, liberais e socialdemócratas, diante da crecente oposición ao TTIP, tente pechar aínda máis o espazo de debate”. Respecto do apoio dos e das socialistas ao TTIP, en xuño tamén houbo polémica pois, a pesares de que se comprometeran a non traspasar o que consideraban “liñas vermellas”, como apoiar o ISDS, sen embargo remataron por dar

o seu voto positivo ao controvertido mecanismo de resolución de conflitos, polo que os seus votos poderían unirse, finalmente, aos dos populares europeos e a ultra-dereita. Precisamente, a división provocada no seo da bancada socialdemócrata fixo temer que moitos deputados e moitas deputadas socialistas rompesen a disciplina de voto e se pronunciasen en contra do ISDS.

Dous millóns de sinaturas nunha iniciativa cidadá contra o tratado

Polo demais, o rexeitamento social ao TTIP cada vez é máis grande en Europa. Unha consulta pública encargada pola Comisión Europea deu como resultado que o 97% das persoas enquisadas rexeitaba os tribunais privados contemplados polo TTIP. Ademais, a iniciativa cidadá europea “Stop TTIP” acadaba dous millóns de sinaturas contra o tratado o 1 de xuño.

Dentro da oposición ao TTIP, e aproveitando a visita ao Estado Español do Comisario de Agricultura, Phil Hogan, o 11 de xuño, a través da COAG expresamos o noso máis absoluto rexeitamento a calquera acordo nos termos que se está a negociar, pois “pode supor o desmantelamento do modelo social agrario e dunha alimentación sostíbel na UE”.

ALIMENTACIÓN ▶ Foi un acto paralelo á Exposición Universal de Milán

A Expo dos Pobos aposta pola agroecoloxía e a soberanía alimentaria

Con motivo da Exposición Universal de Milán que, baixo o lema “Alimentar o planeta, enerxía para a vida” está centrada en cuestións alimentarias, celebrouse na mesma cidade un evento alternativo, do 3 ao 5 de xuño: a Expo dos Pobos.

Nesta Expo paralela, participou activamente a Vía Campesina, que denunciou que “a Expo de Milán serve de escaparate a empresas multinacionais que controlan o comercio mundial alimentario, de material xenético de sementes e animais, pesticidas e fertilizantes químicos”, ao tempo que marxina “produtores e produtoras a pequena escala, que producen o 70% da comida no mundo, creando emprego e sen contaminar a natureza ou explotar a traballadores e traballadoras”.

A Vía Campesina tamén criticou que o meirande dos gobernos participantes na Expo gastasen miles de euros en promover falsas solucións á fame ou ao cambio climático como, por exemplo, a agricultura climaticamente intelixente ou o mecanismo de REDD (*Reducing Emissions from Deforestation and Forest Degradation*), promovido a través de programas agrícolas como a nova alianza do G8 denominada AGRA (*Alliance for a Green Revolution in Africa*).

En canto á Expo dos Pobos, nela participaron 180 representantes de 14 redes e movementos labregos de máis de 50 países do mundo, saldándose cun manifesto que se pode ler no seguinte enlace:

<http://expodeipopoli.it/>

Neste documento, apóstase pola soberanía alimentaria e a agroecoloxía como vías para garantir unha alimentación suficiente, sostíbel, sa e de calidade para toda a humanidade.



GRUNDTVIG ▶ Do 4 ao 7 de marzo, celebrouse o que sería o cuarto e último seminario europeo coordinado dende o SLG no programa Grundtvig. Desta vez, representantes de organizacións agrarias de toda Europa reuníronse en Champlon (Bélxica) para reflexionar e debater sobre as diferentes formas de transmitir os coñecementos labregos. De seguido, analizamos as experiencias que expuxeron compañeiros e compañeiras de movementos como o MAP-FUGEA (Bélxica), EHNE (Bizkaia), Natur&Progrès e Fadear (Francia)

Seminario europeo: a transmisión dos coñecementos labregos



O MAP (Le Mouvement d'Action Paysanne-Movement de Acción Labrega) e o FUGEA (Fédération Unie de Groupements d'Éleveurs et Agriculteurs-Federación Unida de Agrupacións Gandeiras e Agrícolas) son dous movementos labregos belgas que traballan conxuntamente en moitas áreas. Ambos desenvolven e apoian políticas agrícolas que defenden a autonomía labrega e unha agricultura sostible multifuncional. Trátase de movementos de reflexión, sensibilización, formación e presión liderados por labregas e labregos que traballan directamente con diversos piares da sociedade (consumidores/as, políticos, ONG's...).

Para o MAP e a FUGEA, a agricultura labrega debe estar orientada, principalmente, a atender as necesidades nacionais e rexionais de alimentación con produtos de calidade.

Con respecto á formación e transmisión de coñecementos, o MAP creou as EPI (L'Ecole Paysanne Indépendante- Escola labrega independente), que están recoñecidas e subvencionadas pola Rexión de Valonia en base a un decreto sobre formación continua en agricultura. A EPI organiza conferencias, visitas e sesións de estudo, cursos de especialización, seminarios, visitas de estudo e intercambios de coñecemento, entre outras moitas actividades formativas.

Tamén forman xente nova para que acaden os coñecementos e destrezas necesarias para instalarse na agricultura, prestándolles apoio na elaboración dun plan de desenvolvemento e instalación, e ofrecendo labores de apoio e seguimento á mocidade labrega.



Os compañeiros e compañeiras de EHNE-Bizkaia presentaron as claves coas que desenvolven os seus proxectos formativos para labregos e labregas:

- ✓ Teñen en conta as necesidades das persoas, sempre buscando o equilibrio entre cuestións prácticas, técnicas, políticas e comercialización dos produtos.
- ✓ Teñen prioridade de acceso á formación as persoas que queiras adicarse profesionalmente.
- ✓ A formación é impartida, no meirande, por labregas e labregos.
- ✓ A formación tamén é impartida por ex-alumnas/os doutros anos, que se incorporaron recentemente.
- ✓ En Euskadi, teñen dificultade para incorporar formación na área de gandería.
- ✓ Elaboran manuais para todos os cursos.
- ✓ Os cursos de agroecoloxía son de 100 horas, aproximadamente, das cales 40 están centradas en contidos políticos.
- ✓ Formación á cidadanía en canto ao consumo, creando un tecido social crítico en cuestións alimentarias.
- ✓ A metodoloxía que utiliza sempre é participativa. Tamén tentan crear redes co resto de organizacións da Vía Campesina, especialmente cos países do sur.
- ✓ A formación a labregos e labregas impártese tanto en aulas como en granxas.
- ✓ Unha vez feita a formación en agroecoloxía, proporcionarase a entrada na rede de consumo Nekasarea, creada por EHNE (Nekasarea).
- ✓ En proxectos colectivos, ofrecen formación para a resolución de conflitos.

Outros datos de interese da actividade formativa de EHNE é que o 60% do alumnado procede de ámbitos urbanos, e que o meirande do financiamento provén do Goberno Vasco a través da Axencia de Cooperación ao Desenvolvemento. Tamén é importante o apoio de persoas voluntarias nesta actividade, así como o da xente maior que achegan a súa experiencia na actividade labrega.



Nature&Progrès é unha rede francesa de persoas que producen e consumen alimentos ecolóxicos que é pioneira en Europa e funciona dende 1964. Durante medio século de traxectoria, Nature&Progrès foi un motor dinamizador da agroecoloxía en Francia e en Europa. Hoxe en día, Nature&Progres é unha rede na que están integrados 27 grupos de produción e consumo distribuídos por toda Francia, máis outro en Bélxica. En canto á transmisión de coñecementos labregos tratada neste seminario, Natur&Progrès:

✓ Teñen unha escola de formación en Agroecoloxía preto de Toulouse.

✓ Poden expedir unha titulación homologada de formación profesional para incorporacións.

✓ Esta escola forma parte do movemento de "Graxas Escolas Familiares".

✓ Aproximadamente o 80% do alumnado non procede do "mundo agrario".

✓ A formación en Agroecoloxía, de onde saen arredor de 20- 25 persoas por curso arredor de 2/3 acaban incorporándose na agricultura.

✓ Entre as novidades formativas, veñen de pór en marcha un módulo de elaboración de pan artesanal.



A Federación de Asociacións de Desenvolvemento Agrícola e Rural Emprego, dependente da Confédération Paysanne, inclúe sesenta asociacións para a formación e o desenvolvemento.

Dende FADEAR, fan labores de seguimento na incorporación e instalación de mocidade labrega, na transmisión de explotacións agrícolas e na creación de proxectos colectivos ou individuais baseados na autosuficiencia, nun traballo respectuoso coa natureza e no desenvolvemento local. FADEAR forma profesionais da agricultura cunha visión labrega do seu traballo.

FADEAR tamén forma os futuros líderes das asociacións e da Confédération Paysanne. Algunhas das ferramentas utilizadas por FADEAR para desenvolver todo este labor formativo:

✓ Teñen elaborado un repertorio de coñecementos labregos. Na práctica, trátase dun arquivo no que cada labrego ou labrega ten unha ficha onde están rexistrados os seus "saberes" e a organización facilita os contactos entre a fonte de coñecementos e aquelas persoas que queiran afondar máis neles. Trátase de fichas anónimas, polo que o papel de FADEAR é imprescindible para ter acceso a esas fichas e para establecer o posterior contacto entre ambas partes. O paso previo a este contacto consiste na organización de entrevistas con labregos e labregas para saber que coñecementos lles interesaría compartir.

✓ Organizan xornadas de portas abertas nas graxas.

✓ As prácticas laborais non só se centran en aspectos técnicos, senón que se relacionan co activismo social.



GANDERÍA INDUSTRIAL ▶ Piden cárcere e sancións que ascenden a 250.000 euros por unha acción de protesta

Nove labregos e labregas condenadas por oporse á granxa das mil vacas

O 17 de xuño celebrouse un xuízo de apelación no que a Confédération Paysanne pediu a libre absolución para os e as sindicalistas

O xuízo de apelación a nove labregos e labregas da Confédération Paysanne, condenados en primeira instancia a multas e indemnizacións que ascenden a 250.000 euros e penas de cárcere por participar nunha acción de protesta contra a coñecida como a granxa das mil vacas (ver Fouce 302, páxina 20), tivo lugar nos tribunais de Amiens o pasado 17 de xuño.

Os feitos polos que foron condenados e condenadas os compañeiros e as compañeiras

da Conf remóntanse ao 28 de maio de 2014, cando unha vintena de sindicalistas entraron nesta granxa que se está a converter en símbolo da gandería industrial e especulativa e desmontaron a sala de muxido.

Dende a Confédération Paysanne xustifican estes feitos co argumento de que se viron forzados “a asumir a responsabilidade de actuar alí onde os poderes públicos deixan instalar graxas-fábrica que condenan aos labregos e ás labregas a desaparecer. Baixo o pretexto da competitividade, o leite pasa a ser un subproduto da bosta das vacas, que se transforma en enerxía. E dado que ese leite non vale nada, véndese a prezos baixos, afundindo o seu valor no



Máis de 3.000 persoas manifestáronse en Amiens en apoio da Conf o día do xuízo

mercado por baixo dos custes de produción. E iso sen contar coas consecuencias negativas para a saúde e o medio ambiente, xa que esta granxa ten unhas taxas de mortalidade do gando superior á media e verte refugallo sen control nin procesamento moi preto da Baía de Somme, todo financiado alegremente con fondos públicos”.

Dende a Conf engaden que “o único delito destes labregos e

destas labregas foi denunciar a situación, actuar a prol do interese público e sen violencia, en lexítima defensa contra unhas prácticas gandeiras que os condenan, polo dereito de calquera cidadán ou cidadá a ter unha alimentación sa, un medio ambiente protexido e un medio rural vivo”.

Agora, haberá que agardar ao 16 de setembro para coñecer o fallo da corte de apelación.

ONU ▶ A secretaria xeral do SLG participou nunha xuntanza de traballo da ECVC para acordar e coordinar labores de lobby

Continúa o traballo polos dereitos labregos en Xenebra

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, estivo do 3 ao 5 de xuño en Xenebra (Suíza) para participar nun novo encontro do grupo de traballo sobre a Declaración dos Dereitos Labregos da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). Esta xuntanza fíxose coa vista posta na 30ª sesión do Consello de Dereitos Humanos da ONU, que se celebrará en setembro de 2015 e onde se votará unha nova resolución para decidir se dan continuidade ou non ao grupo intergubernamental encargado de redactar o texto da Declaración dos Dereitos Labregos. Respecto disto, o meirande dos estados membros da Unión

Europea son contrarios a esta declaración, polo que a cuestión central do encontro da ECVC no que participou Isabel Vilalba foi buscar maneiras de exercer presión sobre os gobernos dos estados comunitarios de cara a que o traballo sobre a Declaración dos Dereitos Labregos poida ter continuidade.

O traballo de lobby é importante para acadar o apoio dos diversos países para secundar o proceso de elaboración da Carta dos Dereitos Labregos. Sen ir máis lonxe, o 27 de xuño de 2014, xa houbo que votar para dar continuidade ao grupo de traballo intergubernamental. Daquela, 29 países votaron a favor, 13 abstivéronse e 15 po-



A Vía Campesina leva anos traballando para que a ONU recoñeza a Carta dos Dereitos Labregos. Na imaxe, a súa coordinadora xeral, Elisabeth Mpofu, co director da FAO, José Graziano da Silva, nunha imaxe de arquivo

siciónáronse en contra. Grazas ao traballo de lobby, países como Francia, Austria, Irlanda, Alemaña ou Italia, que tiñan votado en contra no ano 2012, desta vez abstivéronse.

No Estado Español, Andoni García e Marta Piqueras, pola ECVC, e Isabel de Gonzalo pola

ONG Mundubat, mantiveron en 2014 unha xuntanza con Cristina Fraile e Inés Yarza, directora e xefa de servizo, respectivamente, da Oficina de Dereitos Humanos do Ministerio de Asuntos Exteriores, para tratar de reconducir a posición negativa do Estado Español.

ACCESO Á TERRA ▶ O Bantegal sobrevive sen recursos con tardanzas de tres anos para resolver os expedientes

A xente nova segue sen ferramentas eficaces para acceder á terra

O alto prezo de compra e a inseguridade dos alugueres privados seguen facendo necesaria a xestión pública dos predios en desuso


O Banco de Terras de Galiza botou a andar en 2007, da man da Consellaría de Medio Rural. Tratábase dunha ferramenta necesaria para poñer as grandes masas de terra en desuso en mans de labregos e labregas que a precisasen para traballala, algo especialmente necesario para xente nova que quere incorporarse á actividade agraria pero non ten base territorial para iniciar a profesión.

Como tantas iniciativas ilusionantes, o Bantegal, agora Sitegal, está empantanado por mor da falla de recursos, o que se traduce en listas de espera para acceder ás parcelas que poden durar anos. Dende o Sindicato Labrego Galego, podemos conversar con persoas que coñecen a realidade do Sitegal que nos dixeron que, en verán de 2015, están a resolver expedientes de 2013, polo que as solicitudes acumulan, agora mesmo, dous anos de demora e máis para resolverse. Isto débese, segundo as nosas fontes, aos recortes de persoal: na actualidade, o Sitegal conta con dous traballadores que teñen que sacar adiante 8.000 expedientes.

Un caso que corrobora estes datos é o de **Rubén Villar**, un mozo de 30 anos que axuda na explotación de horta da súa familia en Viñós (Arzúa) e que agora quería incorporarse oficialmente a unha actividade agraria que xa desempeña e, de paso, ampliar a explotación traballando máis terras. Para dar ese paso contaba coa solicitude

que lle fixo ao Banco de Terras de 5 parcelas que, en conxunto, sumaban uns 4.000 metros. Para que se resolvesen os seus expedientes tiveron que pasar tres anos dende que fixo a solicitude. Finalmente, denegáronlles. Agora, o proxecto de ampliación que tiña veuse trancado, pois a horta “non dá suficiente como para mercar terra. E alugar é imposible, porque ninguén quere asinar contratos de arrendamento, polo que te arriskas a facer o gasto de instalación e despois, ao día seguinte, a que che quiten a terra”.

Se ten paciencia suficiente, **Javier Baluja**, de Prevediños (Touro) terá máis posibilidades de traballar as parcelas que solicitou no Sitegal. Trátase de tres parcelas, propiedade da Xunta e que proveñen de restos dunha concentración parcelaria; todas teñen acceso á auga, suman tres hectáreas e, en dúas delas, el é o único solicitante. Ja-



A falla de persoal e a complexidade burocrática están a colapsar o Sitegal

vier vén de rematar un curso de incorporación ao agro da man do SLG e ten un proxecto ambicioso e ilusionante que inclúe horta, gandería, cogomelos, permacultura, venda directa e, a longo prazo, mesmo impulsar unha granxa escola xunto á súa compañeira, que é traballadora social. Polo de agora, leva un ano agardando dende que fixo a solicitude en marzo de 2014. No seu caso, neste tempo de espera non pode facer nada máis que darlle voltas na cabeza ao seu proxecto, xa que descarta mercar en propiedade os terreos. Tampouco serviría arrendarlas directamente, pois parte do proxecto inclúe cultivos permanentes que se perderían en caso de finar o aluguer.

✓ O SLG leva o problema ao Consello Agrario Galego

Os casos de Rubén e Javier demostran que o Banco de Terras é indispensable no inicio de proxectos por xente moza, xa que, en moitos casos, a compra ou o aluguer a particulares quedan descartados. O problema é que, ao non ter recursos suficientes, o Sitegal non funciona.

O SLG introduciu esta cuestión no Consello Agrario Galego do 3 de xullo. Alí, dende Medio Rural recoñeceron o colapso do servizo e defendéronse aludindo á complexidade do proceso. Dende a Consellaría, comprometéronse a contratar máis persoal para axilizar o Sitegal, compromiso que dende o SLG fiscalizaremos.

Experiencias alternativas de acceso á terra

Trala celebración das eleccións municipais, as novas corporacións teñen oportunidade de converterse en axentes que promovan a mobilidade das terras como demostran experiencias de ámbito local que se están a desenvolver con éxito:

✓ O Banco de Terra Agroecolóxico de Luciana

Unha delas é o Banco de Terra Agroecolóxico de Luciana, un municipio de Ciudad Real con 416 habitantes. Este banco comezou poñendo a disposición da xente terras públicas en desuso para oliveiras de secaño, cultivo de cereais e piñeiral para madeira. Tamén se fixo un curso de agroecoloxía adaptado ao aproveitamento destes recursos, e se constituíu un Consello Municipal onde participaban tódolos partidos políticos e as asociacións do municipio para adxudicar as parcelas. Neste 2015, incorporáronse terras privadas. Polo de agora, xa se adxudicaron un oliveiral de 19 hectáreas, case 3 hectáreas de parcelas para cereal e un piñeiral para madeira de 5 hectáreas.

✓ Terre de Liens

Outra experiencia interesante, desta vez xurdida dende a propia cidadanía, é Terre de Liens, en Franca. Trátase dunha asociación nacida en 2003, con 19 seccións territoriais, coa finalidade de facilitar o acceso á terra a persoas con proxectos agrarios. Na súa década de andaina, Terre de Liens ten mobilizado 10.000 persoas e colaborado na posta en marcha e seguimento de 150 proxectos. Terre de Liens mercou máis de 100 granxas e máis de 2.000 hectáreas que están dedicadas á agricultura ecolóxica grazas a unha sociedade de investimento solidario -La Foncière- e a unha fundación de utilidade pública que recibe donativos. Estas terras alúganse por un mínimo de nove anos a persoas capacitadas que queiran desenvolver un proxecto agroecolóxico.

Terre de Liens inspirou, ademais o proxecto Terra Franca, en Cataluña, que naceu en 2013 e aluga terras para subarrendalas a longo prazo a persoas que queiran iniciar proxectos nelas.

VIOLENCIA MACHISTA ▶ O 8 de maio, o asasinato de Isabel Fuentes estremecía toda Galiza e convertíase nun símbolo de todo o que está a fallar na loita contra a violencia machista. A raíz disto, a Marcha Mundial das Mulleres de Ourense iniciou unha campaña cuxo manifesto compartimos agora con vós.

Por unha vida sen violencia. Por Isabel Fuentes. Por todas.

O 8 de maio asasinaban no CHOUOU a Isabel Fuentes, veciña de Verín que se atopaba ingresada en Ourense dende o 3 de abril por mor dunha agresión previa atribuída nun primeiro momento a un ataque na súa vivenda e que a mantiña inconsciente. O 8 de maio o seu marido, Aniceto Rodríguez, asasinouna nun hospital público rematando co que, agora xa o sabemos, iniciara un mes antes facendo pasar por un ataque ao fogar o que fóra unha agresión machista.

Isabel Fuentes converteuse así na primeira vítima mortal do feminicidio en Galiza no 2015 e nun símbolo trágico de todo o que funciona mal no sistema en relación á protección das mulleres que sofren violencia machista. Non se adoptaron medidas cautelares de protección polo que o seu marido puido entrar na habitación e matala. Foi asasinada pola súa parella, polo mero feito de ser muller, mais tamén como consecuencia da ineficacia duns poderes públicos que non a protexeron.

Os protocolos e mecanismos de protección das mulleres agredidas fallaron. Ante as sospeitas dos axentes policiais de que se tratase dun caso de vio-

lencia machista tendo ao marido como principal sospeitoso, tal e como lle trasladaron á xuíza pedindo incluso o traslado de Isabel Fuentes a dependencias médicas vixiadas con visitas restrinxidas en todo o momento, a resposta da maxistrada foi que non se contaba con “indicios firmes, testemuñas, antecedentes de violencia ou mala relación entre os esposos” e que se trataba de “meras conclusións fundadas en conxecturas ás que chegaron os axentes encargados da investigación pero de todo punto insuficientes”.

É inexplicábel que a xustiza ignore a complexidade dos casos de violencia machista onde os “antecedentes de violencia ou mala relación entre esposos” en moitas ocasións só poden co-

ñecerse cando a vítima se decide a denunciar a violencia que sofre, tantas veces silenciada e vivida dende unha culpabilidade que a invisibiliza. En ocasións, nunca se co-

ñece ata que a vítima é asasinada. As explicacións públicas que coñecemos, fundadas en que a experiencia e a petición dos axentes policiais son meras “conxecturas” sitúanos a todas no campo da desprotección fronte ás agresións, onde non só se cuestiona o relato das mulleres que sofren violencia, senón mesmo o daqueles que detectan e denuncian que se trata de agresión machista. A consecuencia desta desprotección, no caso de Isabel Fuentes, foi o seu asasinato nun espazo onde debería estar protexida polas institucións e a xustiza e onde ficou,

coma xa o estaba antes no fogar, soa ante o seu agresor.

Ante esta situación, dende Ourense un grupo de mulleres comprometidas na loita polo dereito das mulleres a vivirmos sen violencia decidimos dar o paso de iniciar unha campaña de denuncia ante o poder xudicial e o Estado pola desprotección sufrida por Isabel Fuentes, que é a desprotección que sufrimos todas cando somos agredidas e que, en demasiadas ocasións acaba coas nosas vidas.

Nós, mulleres agredidas por unha sociedade machista, reclamamos ao poder xudicial e ao Estado a responsabilidade de non ter actuado para protexer a Isabel Fuentes cando todos os indicios indicaban que estaba a sufrir violencia machista, e demandamos do poder xudicial e dos gobernos do Estado e da Xunta de Galiza medidas efectivas de protección das mulleres fronte ás agresións e asunción de responsabilidades no caso do asasinato de Isabel Fuentes.

Por ela, por todas.
Maio de 2015.

Se queres asinar este manifesto ou participar nas diversas accións que se están a facer no marco desta campaña, visita o seguinte enlace en Internet:

<http://feminismo.info/feminicidio/>

ASESORÍA PARA AS MULLERES DO RURAL.

**Infórmate en
calquera oficina do SLG**



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

POLÍTICA ▶ Isabel Vilalba e María Ferreiro mantiveron en Compostela unha xuntanza de traballo coa secretaria xeral de Igualdade na Xunta, Susana López Abella

A Secretaría das Mulleres preocúpase polos servizos de igualdade no rural

A Lei Montoro prohibe que os concellos invistan en políticas dirixidas ás mulleres se non teñen superávit nas súas contas

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, e a responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, mantiveron unha xuntanza de traballo coa responsable de Igualdade na Xunta, Susana López Abella. Foi en Compostela, o pasado 23 de xuño, e faláron de varias cuestións que tiveron como denominador común as políticas de igualdade no ámbito rural.

Dende a Secretaría das Mulleres, comunicóuselle a Susana López Abella a intención de seguirmos coa actividade do Punto Delas, que presta atención a mulleres labregas ou que viven no campo nas principais comarcas de Galiza a través da rede de oficinas do SLG, e que está financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade. Ademais, tamén se lle informou da intención de focalizar, este ano, o traballo de asesoramento que se presta no Punto Delas cara a proxectos de mozas ou de mulleres que se incorporen á actividade agraria.

Outro dos temas tratados foi o da violencia machista e, en particular, o caso do asasinato de Isabel Fuentes en Ourense (ver páxina adxacente). Neste particular, o Sindicato Labrego está reforzando a súa colaboración na loita contra a violencia machista coa formación en Madrid de dúas técnicas -Ana Eiras e Mónica Amado- de cara a prestar atención especializada nas comarcas.

Finalmente, Isabel Vilalba e María Ferreiro expresaron a súa preocupación diante dos posibles recortes que poden sufrir



Isabel Vilalba e María Ferreiro explicáronlle á secretaria xeral de Igualdade a ameaza que supón para a conquista da titularidade compartida nas explotacións equiparar as sociedades civís ás sociedades mercantís

os programas de igualdade a nivel municipal por mor da Lei Montoro, que considera que os concellos non poden prestar este tipo de servizos a non ser que teñan superávit. Susana López Abella explicou ás repre-

sentantes do SLG que este ano a Xunta solventou esta cuestión mediante financiamento directo destes servizos e o mantemento do persoal que os xestionan, como psicólogas e avogadas. Así e todo, dende a Secretaría das

Mulleres insistíuse na necesidade de manter un cadro de persoal especializado en servizos de igualdade, estable e accesible a tódalas mulleres de Galiza con independencia de onde vivan.

Equiparar as sociedades civís ás mercantís ameaza a titularidade compartida

Unha das cuestións sobre a que tamén se falou coa secretaria xeral de Igualdade foi a das modificacións que o Ministerio de Facenda quere facer na figura das sociedades civís, ás que pretende impoñer as mesmas obrigas que ás sociedades mercantís.


Hai que lembrar que as sociedades civís foron un mecanismo que utilizaron moitas parellas para ter unha participación en termos de igualdade nas explotacións. Hoxe en día, pódese constituír unha sociedade civil sen unha grande carga burocrática e cun desembolso razoable. Pero se teñen que responder ás mesmas obrigas que as sociedades mercantís, entón a carga burocrática

aumentará considerablemente -obriga de ter un plan xeral contable, imposto de sociedades, rexistro mercantil, etc.- e os trámites e fiscalización farán o gasto inasumible. Mesmo tamén existe a posibilidade de que as parellas que optasen pola titularidade compartida nas explotacións, ao ser unha figura equiparable á da sociedade civil, se vexan tamén afectadas.

O temor da Secretaría das Mulleres do SLG é que estas novas obrigas fagan que moitas sociedades civís se desfagan e volvamos a ter maioritariamente no noso agro titulares varóns nas granxas e mulleres labregas invisibilizadas á sombra sen dereitos laborais.

Tramita o teu seguro de equinos no Sindicato Labrego Galego

Asegura a recollida do teu caballo cun seguro de responsabilidade civil de 300.000 euros a partir de 20 € por animal.



Horarios de verán no SLG

- ✓ **Local nacional:** aberto en horario matinal.
- ✓ **Carballo, Santa Comba e Muxía:** pechados en agosto.
- ✓ **Vilalba:** pechado en agosto. Cuestións urxentes, chamar ao 659 985 308 (Marga) e 698 177 645
- ✓ **Sarria, Fonsagrada e Becerreá:** pechados do 15 de xullo ao 31 de agosto.
- ✓ **Teixeiro:** aberto de luns a xoves e pechado os venres en xullo e agosto.
- ✓ **As Pontes, Moeche, Monfero:** pechados en agosto. Aténdese en Betanzos.
- ✓ **Pontecaldelas:** pechado en agosto.
- ✓ **Barrantes (Ribadumia):** pechado do 13 de xullo ao 27 de agosto.
- ✓ **A Estrada:** Aberto no verán de 10:00 a 14:00 horas. Pechado do 17 ao 31 de agosto, ambos incluídos. Cuestións urxentes, chamar ao 981 554 147 (local nacional) e 659 211 523 (Laura).

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaránse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.

✓ Electrocardiograma.

✓ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.

- ✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.
- ✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.
- ✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificara a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**

O envorco: principal causa de mortalidade no sector

✓ SITUACIÓNS MÁIS HABITUAIS

- ▶ Maquinaria con moitos anos de uso.
- ▶ Ausencia de calquera estrutura de seguridade.
- ▶ A maior parte das persoas accidentadas son maiores.
- ▶ A maior parte das persoas accidentadas ten experiencia no uso da maquinaria:
 - Pese á experiencia, no caso das persoas maiores, fanse mais notorios os crecentes déficits de reflexos e de capacidade de control.
 - A experiencia leva, a maiores, a un exceso de confianza e a subestimar o risco.
 - A combinación dos dous factores devanditos eleva enormemente o risco de accidente.
 - A citada ausencia de estruturas de seguridade converte a maioría dos envorcos en accidentes mortais por esmagamento.

✓ CONSELLOS BÁSICOS DE SEGURIDADE PARA EVITAR ENVORCOS

- ▶ Conducir sempre o tractor a unha distancia prudencial das zonas do terreo que por presentar desniveis (gabias, canles, regueiras, congostras, cunetas, etc.)

- ▶ Ao iniciar o descenso por unha pendente, sobre todo se o tractor arrastra un remolque cargado, poñer a velocidade máis curta

- ▶ Cando se circula transportando remolques excesivamente cargados e sen sistemas de freado independente, evitárase a parada brusca do tractor.

- ▶ Ao realizar labores de arado levantarase o apeiro ao efectuar os xiros ou cambios de sentido no labor, co fin de evitar empurres do terreo

- ▶ Sempre que os labores a realizar o permitan, utilízase a máxima anchura de vía posible, tanto nas rodas traseiras coma nas dianteiras, co que se mellora a estabilidade do tractor.

- ▶ En circulación normal, os pedais de freo deberán levarse bloqueados mediante o fexro de bloqueio.

- ▶ A circulación entre parcelas a distinto nivel debe facerse sempre por accesos adecuados construídos a tal fin, e nunca remontando ou descendendo o talud ou parede de desnivel



- ▶ Elixir apeiros apropiados ao tipo de tractor empregado de forma que non ofrezcan excesiva resistencia ao avance del tractor

- ▶ Evitar a suba de pendentes fortes transportando apeiros pesados suspendidos ou remolques excesivamente cargados, lastrándose adecuadamente o eixe dianteiro.

- ▶ En terreo con forte pendente, ao realizar cambios no sentido da marcha, cómpre manobrar lentamente de forma tal que a parte dianteira do tractor quede sempre na parte máis baixa do terreo.

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Tractor Ebro 160. En bo estado e coa ITV en regra.
☎696 647 118

Véndese

-Circuíto Alfa-Laval de 4 puntos.
-Bañeira de 1.000 litros. Trifásica.
☎626 211 169

Véndese

-Angazo estendedor ou voltador de herba de 2 campás marca OMA. Reforzado.
☎652 392 093

Véndense

-200 cabras.
☎606 436 139

Véndese

-Suzuki Jimny 1300 inxección.
☎620 394 339 (Daniel)

Véndese

-Autocargador Calagri en perfecto estado e con documentación. Dimensións: 22x24
☎686 203 503

Véndense

-Ranchos.
-Herba seca en rulos.
En Beán (Ordes).
☎981 699 267

Véndese

-Cuba de leite de 220 litros, marca Packo, trifásica.
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense

-Rodas de tractor 16/ 9 / 30.
-Tractor con dobre tracción, 80 CV.
☎667 469 962

Véndense

-Silo de penso de 8.000 kilos, dividido.
-Grúa ortopédica para minusválidos.
☎679 942 541 / 982 137 620 (preguntar por Ánxeles)

Véndese

-Tractor Ebro 6125, dobre tracción. Zona: Castroverde.
☎626 809 998

Véndense

-Rolos de herba seca e silo.
☎659 213 085

Véndense

-Cisterna de 3.500 litros Coruxo, con peche hidráulico.
-Vacas e xovencas.
En Moar (Frades).
☎981 695 542 / 648 118 865

Véndese

-Remolque esterqueiro de 10 m³. Varias velocidades de descarga e marcha atrás. Porta traseira hidráulica. Moi bo estado. Zona de Tordoia (A Coruña)
☎679 509 588 / 616 552 180

Véndense

-Bolos de silo e de herba seca. Prezo económico.
☎680 107 271

Véndense

-Vacas de carne Limousine paridas e preñadas. En Castroverde (Lugo).
☎699 993 843

Véndense

-2 invernadoiros tipo túnel de 500 m² cada un (están desmontados e gardados).
-Transplantadora Checchi&Magli Fox-Drive R-14, para planta en cepellón ou raíz.
☎628 841 340

Véndese

-Rotoempacadora Carraro, con documentación.
-Desensilador.
Todo en moi bo estado.
☎982 176 085 (chamar á noite).

Véndese

-Rotoempacadora sistema Welger RP12 en bo estado.
☎676 268 464 (preguntar por Vitor)

Véndese

-Sala de muxido de 8 puntos.
-Bañeira de 1.600 litros.
-Cornadizas.
☎608 551 543

Véndese

-Ribeira de 400 metros, con adega e bo acceso. En Pedrafita (Chantada).
☎646 054 000

Véndense

-2 vacas de raza Rubia Galega de 5 a 6 anos, moi mansas.
☎689 752 400

Véndese

-Remolque para transporte de animais.
☎982 505 755

Véndese

-Autocargador en bo estado.
☎648 718 864

Véndese

-Remolque autocargador-picador Claas Sprint 324K. Eixe tandem, 32 coitelas. Con documentación e en bo estado.
☎981 786 610 (preguntar por Xosé Antonio, a partir das 21:30 horas).

Véndese

-Autocargador Galagri rotativo, con tódolos extras: descarga hidráulica, freo hidráulico e electroválvulas.
☎981 418 423 / 686 666 032 (preguntar por Antonio).

Véndense

-2 tanques de leite, un de 500 litros e outro de 300 litros. Zona de Chantada.
☎657 397 499

Véndense

-10 cabritas de 5-6 meses para criar, a maior parte delas brancas. Prezo: 100 € / animal.
☎648 714 898 (preguntar por Antonio).

Véndense

-3 tenreiras de Rubia Galega, de 1 ano de idade. Marcadas en Acruga.
☎629 163 901

Véndese

-Remolque distribuidor de esterco, modelo AFMR Uracan RT 1/4 para 5.500 Kg. con freo hidráulico.
☎650 019 275

Véndese

-Coche Peugeot 106, con enganche para remolque. 80.000 Km. Prezo: 1.000 €. Zona de Monfero (A Coruña).
☎634 655 361

Véndense

-Rolos de herba seca de boa calidade en Baroncelle (Abadín, Lugo).
☎982 178 970

Véndese

-Casa de pedra en Herbes (Carral, A Coruña).
☎981 196 489 / 626 806 590

Véndese

-Casa no casco antigo de As Pontes.
☎646 964 335

Véndese

-Tractor John Deere 2140.
-Cisterna de 3.000 litros documentada.
-Rotoempacadoras Wolwo e Lerda.
-Tractor Ebro Super 55-Fresas de 1.60 m e 1.35 m
☎620 171 952

Véndense

-Vacas preñadas ou paridas.
-Xovencas preñadas ou paridas con carta e control sanitario da ADSG.
-80 rolos encintados de primeiro corte de F4.
En Olas (Mesía).
☎659 927 961

Véndense

-Invernadoiro tipo capela de 500 m² Prezo:1.000 €
-Chimpín con reixa, arado, fresa e remolque. 1.000 €
-Casa con finca de 5.000 m² en Cora (A Estrada). 90 m² por planta, ten 3 plantas. Tamén ten pozo de mina, calefacción, lareira e outros. Prezo: 180.000 €
☎653 960 162

Véndese

-Viño do país e augardente. N'A Estrada.
☎986 689 486

Véndese

-Furgoneta Citroën JUMPY 110 CV, mixta, do ano 2002.
-Furgoneta NISSAN PRIMA START 115 CV ano 2007.
-Motosegadora BCS.
☎636 269 488

Véndense

-Tractor New Holland 7740 con 5.900 horas de uso, pa Tenias B3 e 3 funcións con monomando. Rodas de adiante novas e as de atrás a medio usar.
-Ringleirador de herba MUR de 2 norias e 5,5 metros de ancho, peche hidráulico, suspendido nos brazos.
-Batedor de zurro.
En Paradela (Sarria).
☎686 596 260

Véndense

-Rolos de silo e herba.
☎659 213 085

Véndese

-Máquina malladora de cereal Campeba. Serve Limpa toda clase de cereais. Zona de Touro.
☎981 191 327

Véndense

-Vaca con cría e unha xovenca Rubia Galega marcadas de ACRUGA.
☎689 752 400

Véndese

-Herba seca en rolos na zona de Lugo.
☎617 564 440

Véndese

-Becerro limousín. En Lugo.
☎685 884 257 e 982 207 733

Véndense

por peche de explotación:
-Segadora Bertoline.
-Rotativa.
-Empacadora John Deere 339E
-Aboadora completa.
-Emboladora Feraboli FF20
-Estendedor.
-Tractor Ebro 160 E.
-Cisterna de zurro de 3.000 l.
-Remexedor de zurro.
☎650 911 778

Véndese

-Alpacadora Batlle. Moi bo estado Zona: O Corgo.
☎659 341 116

Véndense

-Rolos de herba seca en Castro de Rei.
☎659 643 489

Véndese

-Remolque para rolos e pacas con basculante. Iso inox, chasis galvanizado. Medidas 5.70 x 2.20 e capacidade para 16 rolos.
☎650 158 948

Véndese

-Viño do país. En San Miguel da Barcala (A Estrada).
☎986 689 486

COMPRAS

Arréndanse

-14 de ferrados de terras de labor en San Román (Oroso).
☎981 271 228 / 676 725 202

Mércase

-Remolque usado para o transporte de animais con turismo particular.
☎626 915 873 (preguntar por Xosé).

Mércase

-Chimpín que teña remolque. En Teo (A Coruña).
☎627 087 795 (preguntar por Dolores)

Mércase

-Encintadora arrastrada.
☎639 503 210

Mércase

-Silo usado de penso a partir de 6.000 quilos.
☎689 752 400

EMPREGO

Ofrécese

-Peón agrícola e gandeiro con experiencia. Disponibilidade para mudar de domicilio.
☎643 331 397 / 642 257 413

Necesítase

-Persoa empregada para explotación na zona de Xermade (Lugo).
☎627 950 681

Cédese

-Viñedo en plena produción (2.000 m²) n'O Rosal. Albariño 75%, Loureiro e Tinto.
☎667 559 806 (Isabel)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

 **TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

17 DE XULLO EN COMPOSTELA

MANIFESTACIÓN

NACIONAL

DO SECTOR

LÁCTEO



**INFÓRMATE NA TÚA
OFICINA COMARCAL
DO SINDICATO
LABREGO GALEGO**



PREZOS DIGNOS

GARANTÍA DE RECOLLIDA

**MEDIACIÓN PÚBLICA,
EFICAZ E GRATUÍTA NOS
CONTRATOS**



**sindicato
labrego galego
comisións labregas**

